
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre as actuacións concretas previstas para a execución do proxecto denominado Desenvolvemento e integración dun sistema de xestión de transporte á demanda na Comunidade Autónoma de Galicia, o significado real do indicador «servizos de transporte á demanda definidos» e a xustificación dun investimento superior aos 13 millóns de euros nese proxecto

- 44254 - 40738 (10/PRE-013366)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego das verteduras procedentes do polígono industrial do Espírito Santo que se veñen padecendo nos lugares da Gándara e San Marcos, da parroquia de Nós, no concello de Oleiros, as análises realizadas por Augas de Galicia en relación coas rexistradas en abril de 2018, así como as medidas e protocolos que se van seguir para detectar a súa presenza tras o aumento da capacidade dos colectores e para solucionar o problema

- 44679 - 40765 (10/PRE-013367)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para demorar o inicio das obras de rehabilitación previstas nas vivendas de promoción pública das Felgosas e Vila da Igrexa, no concello de Cerdido, así como para non afrontar as dos tellados nos garaxes, e os datos referidos ás obras executadas e ás inspeccións levadas a cabo nelas



- 44524 - 40855 (10/PRE-013369)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as previsións de Augas de Galicia referidas á autorización da eliminación de todas as captacións de auga para consumo humano na zona afectada polo proxecto de reapertura da mina de cobre no concello de Touro, o coñecemento dos resultados das análíticas desas captacións presentadas pola empresa promotora e as actuacións levadas a cabo ou previstas ao respecto

- 44247 - 40886 (10/PRE-013370)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á eficacia da súa política en materia de depuración e saneamento, a contía que debe pagar polo incumprimento da normativa comunitaria de tratamento de residuos líquidos en Santiago de Compostela, Vigo e Ribeira, e a situación en que se atopa o procedemento aberto pola Unión Europea contra España por infraccións no eixe Pontevedra-Marín-Poio-Bueu, así como as medidas que vai adoptar ao respecto

- 44655 - 41569 (10/PRE-013385)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a avaliación por parte do Goberno galego en relación cos datos reflectidos no último informe do Instituto Nacional de Estatística no que atinxe á subministración e ao saneamento da auga en Galicia, as causas do incremento que presenta a que se está a perder e a súa opinión referida á xestión que está a levar a cabo Augas de Galicia, así como as medidas previstas ao respecto

- 44532 - 35404 (10/PRE-013415)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa evolución que presentan os indicadores relacionados co nivel de execución orzamentaria no ano 2017 dos plans e programas destinados á I+D+i, as medidas adoptadas ou que vai levar a cabo a curto prazo para incrementar o esforzo orzamentario e o grao de cumprimento dos compromisos na materia, así como as actuacións previstas nesta área

- 44384 - 33923 (10/PRE-013638)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre o motivo polo que a Xunta de Galicia decidiu transformar as casas da xuventude en Espazos Emprende

- 44291 - 33946 (10/PRE-013645)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a consideración da Xunta de Galicia sobre a suficiencia do número de puntos de encontro familiar que hai na nosa comunidade autónoma para levar a cabo visitas tuteladas e supervisadas



- 44336 - 35728 (10/PRE-013737)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre a consideración por parte da Xunta de Galicia da posibilidade de dotar de recursos suficientes o punto de encontro familiar de Vigo co fin de permitir o seu funcionamento ao longo de todo o ano

- 44382 - 36865 (10/PRE-013789)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as razóns da demora na posta en funcionamento do centro público de día de Miño e da inexistencia, na comarca das Mariñas, do equipamento básico de centros de día e xerátricos de carácter público, así como as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto

- 44331 - 38394 (10/PRE-013809)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á construción e posta en marcha, en colaboración co Concello, dun centro de día en Ribadavia, o investimento que vai realizar para a execución das obras o máis axiña posible e o estudo da posibilidade de adaptar o centro sociocomunitario para ese fin, mantendo os servizos que se están a prestar nel

- 44659 - 41118 (10/PRE-013859)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para pechar a residencia de persoas maiores Valle-Inclán, no concello de Vilanova de Arousa, as alternativas que lles vai ofrecer ás persoas usuarias e as actuacións previstas para evitar a perda dos actuais postos de traballo

- 44328 - 41164 (10/PRE-013861)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 3 máis

Sobre o contido da circular remitida pola Consellería de Política Social aos centros dependentes dela en relación coa participación do persoal nos actos previstos co gallo da celebración, o día 25 de novembro, do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller

- 44327 - 41422 (10/PRE-013869)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a carta remitida pola Consellería de Política Social aos centros dependentes dela referente ás actividades relacionadas coa celebración, o día 25 de novembro, do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller

- 44534 - 34440 (10/PRE-013889)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e 6 máis



Sobre a valoración que fai o Goberno galego do proxecto Smartiago, de Santiago de Compostela, sobre compra pública innovadora

- 44527 - 40274 (10/PRE-013942)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para apoiar o proxecto de modernización e desenvolvemento do Estaleiro 4.0 na ría de Ferrol, así como iniciativas no ámbito formativo da FP e da investigación para o sector naval ferrolán, e as súas intencións respecto do desenvolvemento dun plan integral de apoio á súa industria auxiliar

- 44152 - 33952 (10/PRE-013961)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre as razóns polas que a Xunta de Galicia non realiza una publicación semanal das cifras oficiais dos niños de velutina retirados e dos que foron desactivados polas agrupacións locais de Protección Civil, polos apicultores e polos bombeiros

- 44156 - 36802 (10/PRE-013988)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia en relación coa erradicación da *Vespa velutina* en Galicia

- 44146 - 37485 (10/PRE-014001)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para evitar os riscos que presentan para as persoas as arpas de elaboración caseira que están a utilizar os apicultores como sistema de loita contra a avésa velutina, así como os datos ao respecto

- 44144 - 37582 (10/PRE-014003)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á incidencia que vai ter a avésa velutina en Galicia durante os meses de outono, a avaliación que fai dos efectos do trampeo e os métodos de loita explorados, así como os resultados obtidos con cada un deles e as súas intencións respecto do incremento dos medios materiais e económicos dos investigadores

- 44267 - 38152 (10/PRE-014011)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as razóns da inexistencia en Galicia dunha escola de pastores e pastoras de ovino e cabrún que regule a formación e capacite os gandeiros e as gandeiras para o desenvolvemento dese tipo de actividades, así como os motivos do Servizo de Explotacións Gandeiras para non ofertar nas convocatorias de 2017 e 2018 todos os módulos obrigatorios no formato de teleformación exixidos



na orde de axudas do segundo piar da política agraria común, destinada ás zonas con limitacións naturais

- 44151 - 34155 (10/PRE-014048)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a previsión do Goberno galego respecto do inicio dalgunha campaña para dar información completa sobre a situación e métodos para eliminar o parasito anisakis

- 44287 - 35256 (10/PRE-014050)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego diante do Goberno central para evitar a prohibición do mergullo en apnea para a extracción do longueirón, así como as medidas levadas a cabo pola Consellería do Mar para solucionar os problemas que veñen padecendo as persoas dedicadas a esa actividade coa aplicación dos actuais plans de seguridade

- 44285 - 35266 (10/PRE-014052)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co novo acordo pesqueiro asinado entre o Estado español e o Goberno portugués, as xestións levadas a cabo para defender os intereses e dereitos da frota galega, así como a avaliación das súas repercusións para o sector en Galicia e as demandas que vai realizar ao Goberno central en relación con isto

- 44283 - 35268 (10/PRE-014053)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns da inscrición das embarcacións adscritas ao Servizo de Gardacostas de Galicia no Rexistro Especial de Buques e Empresas Navieiras, con sede en Canarias

- 44282 - 35269 (10/PRE-014054)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a dispoñibilidade pola Xunta de Galicia dalgunha estratexia para a recuperación das poboacións de berberecho nas rías galegas, as medidas económicas adoptadas ou previstas para paliar a perda de ingresos ocasionada aos mariscadores pola súa mortalidade e a confirmación da relación existente entre a presenza do parasito *Marteilia refrigens* e a mortalidade dese molusco na ría de Arousa, así como a situación do proceso de investigación levado a cabo sobre isto

- 44280 - 35281 (10/PRE-014055)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a existencia de subministración suficiente de semente de ameixa xapónica para atender a demanda que hai en Galicia, a opinión do Goberno galego en relación coa eficiencia da súa produción para a rexeneración dos bancos marisqueiros e o cultivo en parques, así como as medidas



adoptadas ou previstas para diferenciar a producida en Galicia da procedente doutros lugares, as razóns da súa exclusión das ordes de axuda da Consellería do Mar e os prexuízos que ocasiona esta medida nas agrupacións de mariscadoras

- 44279 - 35285 (10/PRE-014057)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a redacción que presenta o proxecto de decreto para a ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia

- 44149 - 36182 (10/PRE-014058)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á realización dunha investigación do estado real da zona do peirao do Marqués tras os primeiros traballos de dragaxe levados a cabo na ría de Noia e o desenvolvemento dun plan de rexeneración integral da ría, así como a realización dalgún estudo do impacto ambiental da execución da nova fase de dragaxe anunciada

- 44182 - 37424 (10/PRE-014075)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a dispoñibilidade por Portos de Galicia dalgún proxecto para o arranxo da Casa do Reloxo, situada no concello de Mugardos, así como a valoración polo Goberno galego da posibilidade de colaboración coa Administración local para a súa rehabilitación e posterior uso polo Concello

- 44161 - 37725 (10/PRE-014076)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos reflectidos na Enquisa de poboación activa correspondente ao segundo trimestre de 2018, referidos á perda de persoas ocupadas no mar, o estancamento na recuperación de afiliados ao Réxime Especial do Mar da Seguridade Social desde 2015 e a perda de permisos de marisqueo de mulleres desde o ano 2009 ata a actualidade, así como as medidas previstas ao respecto

- 44160 - 37848 (10/PRE-014078)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da posibilidade de levar a cabo, para os efectos do establecemento dos peches precautorios, unha análise, a maiores, da existencia de toxina no longueirón, así como a incidencia que tería na situación económica dos mariscadores de Fisterra e as medidas que vai desenvolver en relación coas protestas daqueles que están a padecer os inconvenientes derivados dese sistema de peches

- 44140 - 39729 (10/PRE-014090)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e 3 máis



Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no sector pesqueiro, as medidas que vai adoptar para impulsar a participación das mulleres nas eleccións e as súas previsións respecto do establecemento de cotas nas eleccións das federacións, segundo a demanda da Asociación de Mulleres do Mar de Arousa

- 44257 - 39774 (10/PRE-014091)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as razóns das carencias e deficiencias que presenta o posto de control dos mariscadores da ponte da Pasaxe, no concello de Oleiros, e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para resolver a situación dos mariscadores da ría do Burgo afectados polo sistema específico de protección por cesamento de actividade dos traballadores autónomos establecido na Lei 32/2010

- 44139 - 40484 (10/PRE-014093)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre o coñecemento e a valoración do Goberno galego en relación coas conclusións da Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos referidas ao incendio rexistrado no volanteiro *O Busi* en marzo de 2017, a formación que está a desenvolver en materia de prevención de accidentes no traballo no mar e as súas intencións respecto da realización dalgunha campaña ao respecto, así como o tipo de control que está a levar a cabo no que atinxe ás titulacións obrigatorias dos despachos de buques

- 44674 - 34099 (10/PRE-014103)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a creación do Consello de Informativos e a aprobación do estatuto profesional, recollidos na Lei 9/2011 de medios audiovisuais públicos de Galicia

- 44673 - 34158 (10/PRE-014104)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre o tratamento informativo dado pola TVG a unha intervención de Ana Miranda nunha rede social

- 44671 - 36238 (10/PRE-014105)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a manifestación levada a cabo polo persoal da CRTVG o día 8 de setembro en Santiago de Compostela, en contra da manipulación informativa e do control político e polo cumprimento da Lei 9/2011, así como a valoración e as actuacións previstas pola Dirección da Corporación ao respecto

- 44334 - 36651 (10/PRE-014106)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 4 máis



Sobre as razóns da CRTVG para suprimir o programa *Parlamento*, as previsións ao respecto e as actuacións que vai levar a cabo para cubrir a información que se estaba a ofrecer nel

- 44668 - 38823 (10/PRE-014110)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre o desenvolvemento do proceso de dixitalización da CRTVG e a fase na que se atopa

- 44260 - 39167 (10/PRE-014111)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as razóns da retransmisión pola TVG do desfile militar das Forzas Armadas españolas o 12 de outubro de 2018

- 44335 - 36360 (10/PRE-014176)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia da dotación orzamentaria e de persoal que teñen os puntos de encontro familiar e a cualificación, as medidas de seguridade, a idoneidade dos equipamentos e o modelo de xestión, así como a creación de novos centros e a realización na actualidade dalgún control da aplicación da perspectiva de xénero neles

- 44672 - 34610 (10/PRE-014183)

Pregunta de iniciativa popular sobre a participación do vicepresidente da Xunta en festexos taurinos, no palco de autoridades da praza de touros de Pontevedra

- 44333 - 37650 (10/PRE-014188)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre o número de menores estranxeiros non acompañados que residen na actualidade en Galicia, as medidas do Goberno galego para a súa protección e os datos referidos ao posible acollemento de máis poboación deste tipo na nosa comunidade autónoma, así como as propostas que vai presentar ao respecto na vindeira reunión do Consello Territorial

- 44271 - 37697 (10/PRE-014189)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á creación de novos puntos de encontro familiar, a realización dalgún estudo para a posta en marcha de novas fórmulas de puntos de encontro itinerantes que permitan mellorar o acceso da cidadanía a estes servizos e as súas intencións respecto da implantación do solicitado no concello de Cangas

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 1 de febreiro de 2019, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen medidas de continxencia no ámbito da coordinación da seguridade social por mor da retirada do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte da Unión Europea (Texto pertinente para efectos do EEE e de Suíza) [COM(2019) 53 final] [2019/0019 (COD)]

-10/UECS-000270 (45087)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen medidas de continxencia no ámbito da coordinación da seguridade social por mor da retirada do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte da Unión Europea (Texto pertinente para efectos do EEE e de Suíza) [COM(2019) 53 final] [2019/0019 (COD)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 45087, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen medidas de continxencia no ámbito da coordinación da seguridade social por mor da retirada do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte da Unión Europea (Texto pertinente para efectos do EEE e de Suíza) [COM(2019) 53 final] [2019/0019 (COD)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido á Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Resolución da Presidencia, do 1 de febreiro de 2019, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen disposicións para a continuación das actividades de mobilidade por motivos de aprendizaxe en curso no marco do programa Erasmus+, no contexto da retirada do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte («Reino Unido») da Unión Europea [COM(2019) 65 final] [2019/0030 (COD)]

-10/UECS-000271 (45090)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen disposicións para a continuación das actividades de mobilidade por motivos de aprendizaxe en curso no marco do programa Erasmus+, no contexto da retirada do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte («Reino Unido») da Unión Europea [COM(2019) 65 final] [2019/0030 (COD)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 45090, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen disposicións para a continuación das actividades de mobilidade por motivos de aprendizaxe en curso no marco do programa Erasmus+, no contexto da retirada do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte («Reino Unido») da Unión Europea [COM(2019) 65 final] [2019/0030 (COD)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 4ª, Educación e Cultura, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **35175** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa ponte medieval de Ponte Sampaio e a estrada PO-264**”, (publicada no BOPG número 352 do 5 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 35177, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 412, do 16 de xaneiro de 2019.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 12:00:52
Nº Rexistro: 44289
Data envío: 22/01/2019 12:00:52.326

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 12:00:48

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2019 11:39:28
Nº Rexistro: 44186

Data envío: 21/01/2019 11:39:28.161

Data 21/01/2019 11:39

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 35257**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a presentación polo Goberno galego dalgunha alegación ao proxecto de real decreto que vai determinar as condicións de seguridade das actividades de mergullo, co fin de evitar que se dean circunstancias como a prohibición do mergullo en apnea para a extracción do longueirón”**, (publicada no BOPG número 352 do 5 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Trátase dun borrador de Real Decreto do Ministerio de Fomento que determina as condicións de seguridade nas actividades de mergullo. Está en fase de exposición pública e de consulta co sector, polo que non hai nada definitivo a día de hoxe.

Non debemos esquecer que é un borrador de normativa que o Goberno central está debatendo cos representantes do sector de Galicia, e xa tiveron lugar diferentes reunións.

A Consellería do Mar informa que xa estudamos este borrador de normativa e seguimos analizándoo de xeito que estaremos vixiantes neste proceso para a defensa dos intereses da nosa frota.

De feito, a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro xa se ten reunido con representantes da Federación Galega de Confrarías de Pescadores para analizar o tema.

É certo que o Real Decreto 1377/1997 transferiu á comunidade autónoma de Galicia diversas funcións en materia do mergullo como son as de autorización e apertura de centros de ensinanzas de buceo profesional, a realización e control dos exámenes para a



Xacobeo 2021

página 1 de 2



obtención do mergullo profesional, a expedición dos títulos e tarxetas de identidade profesional que habiliten para o exercicio do mergullo.

Pero o tema da seguridade no tema do mergullo é unha competencia exclusiva do Estado, o cal é lóxico, ao efecto de establecer unha normativa común e única para todo o territorio do Estado español, tendo en conta que se trata dunha materia moi sensible.

Neste sentido, por parte da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro fixéronse diversas alegacións ao proxecto de Real Decreto no senso de preservar a actividade extractiva realizada por moitos traballadores do sector mediante a técnica da apnea e superar a regulación prohibitiva recollida no proxecto.

De igual forma fixéronse emendas en materia de seguridade co fin de mellorar os mecanismos regulados no proxecto de Real Decreto e así dotar o mergullo en apnea de unhas máis e mellores condicións de seguridade co fin de garantir o mantemento da actividade e a vez preservar a saúde dos recolectores”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2019 11:39:28
Nº Rexistro: 44186
Data envío: 21/01/2019 11:39:28.161

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/01/2019 11:39:24

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 12:00:26
Nº Rexistro: 44286
Data envío: 22/01/2019 12:00:26.107
Data 22/01/2019 12:00

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 35265**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a realización pola Consellería do Mar dalgunha valoración da posible afección na ría de Arousa da reapertura da mina de cobre situada nos concellos de Touro e do Pino”**, (publicada no BOPG número 352 do 5 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Este asunto xa foi contestado na Comisión 8ª do 13 de xullo de 2018 pola secretaria xeral Técnica deste Departamento, a través da iniciativa 32213. Pódese acceder á resposta premendo a seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2018-07-13?part=ebd3bba0-3a4f-46eb-8095-1b2c8113d160&start=891>

A nosa posición sigue sendo a mesma desde o primeiro momento: será o estrito cumprimento das garantías urbanísticas, medioambientais e técnicas as que marquen a tramitación administrativa do proxecto, garantías que por certo están fixadas na Lei de Ordenación da Minería aprobada en 2008 polo Goberno bipartito.

O proxecto de explotación, o plan de restauración e o estudo de impacto ambiental do xacemento están seguindo o procedemento de tramitación ordinario, de acordo co que establece a lexislación autonómica, que inclúe 15 informes sectoriais e unha Declaración de Impacto Ambiental.



A Administración actúa coa máxima transparencia, atendendo todas as dúbidas dos diferentes colectivos nas reunións celebradas,

poñendo a súa disposición a documentación de todos os expedientes relativos á explotación mineira, tanto en tramitación como os que se resolveron no pasado”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 12:00:26
Nº Rexistro: 44286
Data envío: 22/01/2019 12:00:26.107

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 12:00:23

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 12:00:00
Nº Rexistro: 44284

Data envío: 22/01/2019 12:00:00.123

Data 22/01/2019 11:59

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 35267**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación co novo acordo pesqueiro asinado entre o Estado español e o Goberno portugués”**, (publicada no BOPG número 352 do 5 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Dende a Consellería do Mar consideramos que a existencia dun acordo bilateral con Portugal é positivo porque axuda a normalizar as relacións.

Non obstante, no marco deste acordo defendemos a igualdade entre frota que traballan nos mesmos caladoiros e que se dirixen aos mesmos mercados.

Coñecíamos e considerábase positiva a intención do Goberno central de revisar as autorizacións de barcos galegos que faenan en augas lusas co obxectivo de aproveitar ao máximo todas as posibilidades de pesca que presenta o acordo.

Neste sentido, entendemos que no texto finalmente acordado se produciron avances na liña do demandado por Galicia e polo seu sector pesqueiro, aínda que non coincide de forma total coas reclamacións feitas polo Consello Galego de Pesca e a Consellería do Mar.



A Xunta e a maioría do sector de arrastre de fondo galego defendemos un marco de igualdade entre as frotas galega e portuguesa, para evitar que esta última se beneficie da vantaxe de faenar na fin de semana.

En todo caso, a Consellería do Mar está a realizar un seguimento de cara a verificar o cumprimento dos termos do acordo e a aplicación estrita dos seus termos de cara a evitar vantaxes comparativas para as frotas portuguesas que faenan na nosa costa”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 12:00:00
Nº Rexistro: 44284
Data envío: 22/01/2019 12:00:00.123

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 11:59:43

CSV: BOPGDSPG-Y65plFOar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 11:59:19
Nº Rexistro: 44281

Data envío: 22/01/2019 11:59:19.701

Data 22/01/2019 11:59

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 35270**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a dispoñibilidade pola Xunta de Galicia dalgunha estratexia para a recuperación das poboacións de berberecho nas rías galegas”**, (publicada no BOPG número 352 do 5 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Dende que apareceu o parasito *Marteilia cochillia* no berberecho, en 2012, a Consellería do Mar traballa para minimizar o impacto deste parasito e mellorar a produción do bivalvo, a través de proxectos de investigación e axudas directas para paliar as perdas produtivas causadas pola diminución das poboacións de berberecho.

Cómpre lembrar que se aprobaron catro proxectos de investigación específicos con cargo ós fondos da Consellería do Mar e desenvolto no Centro de Investigacións Mariñas (CIMA):

- Acción CROQUEDOUS, sobre reprodución e cultivo larvario; así como no programa de mellora xenética do berberecho a través da obtención de variedades de rápido crecemento ou a obtención de estirpes resistentes a esta patoloxía.
- Acción EDULE - VILANOVA, na que se está facendo seguemento a unha poboación dun banco natural de Vilanova, que desenvolve o seu ciclo de crecemento ata alcanzar o tamaño comercial.



- Acción MARBEGA, entre os logros desta acción de investigación confirmouse un patrón de dinámica epidémica que se repite, con variacións, cada ano no banco obxecto de estudo, este patrón mostra que hacia finais do verán ou no outono aparece un novo brote epidémico na cohorte recién recrutada; aos poucos meses a prevalencia da marteillose alcanza máximos (100% na maioría dos anos aunque non en todos) e provoca mortalidade masiva que chega a causar a desaparición da cohorte afectada ao longo do inverno (a veces alcanza a primavera); coa desaparición da cohorte, deixa de haber berberechos afectados.

- Proxecto COCKLES (FEDER - AA), que pretende desenvolver protocolos de produción de semente de berberecho en criadeiro e de engorda de berberecho, tanto en parque intermareal como en batea, e identificar marcadores moleculares de resistencia á marteillose cos que desenvolver programas de selección xenética de estirpes de berberecho resistentes á marteillose. Con estas estirpes resistentes poderanse abordar programas de recuperación dos bancos marisqueiros asolados pola devandita enfermidade e mesmo cultivar berberecho en áreas onde o parasito estea presente.

A esperanza de todo este esforzo investigador por parte do CIMA é que se poidan obter uns resultados para favorecer a recuperación dos bancos de berberecho”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 11:59:19
Nº Rexistro: 44281
Data envío: 22/01/2019 11:59:19.701

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 11:59:16

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 35286**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da mellora do Servizo de Gardacostas de Galicia, coa blindaxe dos cargos de libre designación de subdirector, xefes ou xefas de servizo e xefes ou xefas das unidades operativas, permitindo a súa cobertura con persoal alleo ao servizo e dotándoo das atribucións propias do seu persoal funcionario”**, (publicada no BOPG número 352 do 5 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“ A Lei 10/2010, do 11 de novembro, de modificación da Lei 2/2004, do 21 de abril, pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galicia, establece que os membros do servizo teñen a condición de autoridade e non distingue se pertencen á escala ou non. De aí que todos os membros poidan usar os elementos distintivos, entre os que está o uniforme.

Esta cuestión foi ratificada pola Asesoría Xurídica Xeral no seu informe do Decreto de ordenación e funcionamento do servizo de Gardacostas e o texto foi negociado cos sindicatos, que o votaron favorablemente.

En canto ás competencias do persoal, hai que aclarar que os axentes exercen as súas funcións (que non autoridade) polo posto que desempeñan”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 11:58:54
Nº Rexistro: 44278
Data envío: 22/01/2019 11:58:54.107

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 11:58:51

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 35472** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto das consecuencias que tería a imposibilidade de evacuar os carrís exteriores da ponte de Rande no caso de emerxencia”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 35473, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 412, do 16 de xaneiro de 2019.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 11:58:38
Nº Rexistro: 44276
Data envío: 22/01/2019 11:58:38.919

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 11:58:35

CSV: BOPGDSPG-Y65plFOar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 44148
Data envío: 21/01/2019 09:19:01.262
Data 21/01/2019 09:18

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 36183**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Julia Torregrosa Sañudo e dona Paula Quinteiro Araújo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia referidas á realización dunha investigación do estado real da zona do peirao do Marqués, na vila de Noia, tras a intervención de dragaxe levada a cabo”**, (publicada no BOPG número 359 do 20 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O porto de Noia atópase situado na zona máis interior da Ría de Muros e Noia, dispoñendo dunhas pequenas zonas de peiraos de atraque e escaso calado, uns espigóns de canle que facilitan a navegación e acceso, e amplos espazos de fachada marítima con apreciables vistas que conforman o protagonismo principal do entorno marítimo deste termo municipal.

Tense comprobado que dada a localización desta instalación, e como consecuencia dos aportes do río, o calado é claramente insuficiente para manter calquera actividade, todo isto como consecuencia dos apreciables aterramentos que son visibles sobre todo en mareas baixas.

Desde fai tempo, existe por parte dos usuarios e a maioría da poboación, unha cada vez máis demandada solicitude de mellorar o acceso do canle (entre diques de encauce), así como a enseada, que permita ás embarcacións a súa navegabilidade en toda clase de mareas.



Xacobeo 2021

página 1 de 3



Ante esta situación, Portos de Galicia, coñecedor da situación actual, proxectou en coordinación co Concello de Noia a execución dunha obra de dragaxe do acceso ao porto, redactando, en marzo de 2015, o proxecto básico para o dragado da canle de acceso ao porto de Noia así como a remodelación do conxunto da zona portuaria.

Así, as obras que se proxectan consisten en dragar a canle de acceso e enseada da zona portuaria, con vertido do material areoso ao cantil do borde portuario para a xeración dunha praia en alta mar, e a remodelación con adiantamento do muro de ribeira dos últimos 130 metros do sur da zona de adscrición portuaria, para mellorar a circulación rodada e a implantación dunha zona peonil polo borde.

O prazo de execución previsto é de 14 meses e o orzamento estimado é de 4,3 millóns de euros.

Unha vez redactado o proxecto básico da obra de dragado, paralelamente Portos de Galicia iniciou a tramitación ambiental do mesmo, que está suxeita a múltiples requisitos e garantías ambientais xa que a zona portuaria de Noia está protexida polas catalogacións ambientais Red Natura, LIC e ZEPA.

A tramitación, por tanto, resulta de grande complexidade e larga. Nesta tramitación intervén de forma decisiva a Consellería de Medio Ambiente e o Ministerio de Medio Ambiente a través da Dirección General de Costas.

Para axilizar ao máximo estes trámites, Portos de Galicia mantivo diversos contactos coa Consellería de Medio Ambiente e con Costas do Estado, xa que a celeridade de ambos departamentos resulta decisiva para o proxecto.

Ante a previsible dilatación de prazos do proxecto de dragado e remodelación da contorna portuaria, Portos de Galicia e o Concello de Noia consensuaron a execución urxente dunha obra de menor envergadura e complexidade que ao non requirir trámite ambiental, por valor de 300.000 euros. Tratouse dun dragado parcial no entorno das ramplas do porto que permitiu a retirada de polo menos 7.500 metros cúbicos de lodos da zona.

Por último, está prevista unha actuación complementaria, que consiste na mellora do acceso peonil na contorna portuaria de Noia. Concretamente, consiste na implantación dun



tramo de 125 m de borde peonil costeiro, no límite da zona portuaria, para dar continuidade ao tramo xestionado pola Dirección General de Sostenibilidade da Costa e o Mar. Esta obra inclúe unha estrutura voada de aceiro inoxidable con pavimento e pasamán de madeira de 2,5 m de anchura”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 44148
Data envío: 21/01/2019 09:19:01.262

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/01/2019 9:18:56

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2019 11:39:11
Nº Rexistro: 44184
Data envío: 21/01/2019 11:39:11.614
Data 21/01/2019 11:39

RS/ms

fruticultura, vitivinicultura, gandaría sen terra, apicultura, aproveitamentos forestais e diversificación de rendas.

A día de hoxe os alumnos que queiran realizar dita formación teñen dispoñible a formación presencial ou de carácter semipresencial (a parte teórica dos módulos realízase a través da plataforma de teleformación e complementase cunha práctica de carácter presencial así coma un exame presencial). O prazo de 36 meses para acreditar a formación ven establecido no artigo 2.3 do Regulamento Delegado (UE) nº 807/2014 da Comisión do 11 de marzo de 2014 que completa o Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias.

Por outra banda, a capacitación profesional pódese acreditar:

1. Coa documentación xustificativa de ter obtido o título de capataz agrícola, de técnico/a ou técnico/a superior en ciclos formativos da familia profesional de actividades agrarias ou outra titulación superior na rama agraria.

2. Con cinco anos de exercicio da actividade agraria, que deberá acreditarse, con carácter xeral, cun informe de vida laboral da Seguridade Social ou, de ser o caso, conforme o seguinte:

a) No caso de que unha parte ou a totalidade do exercicio da actividade agraria se levase a cabo como man de obra familiar, será precisa unha declaración da persoa titular da explotación onde realizou tal actividade na cal se especifique o tempo traballado na explotación e as tarefas desenvolvidas.

b) Os anos en que non se exercese a actividade agraria, ata acadar os cinco anos requiridos, poderán substituírse pola asistencia a cursos ou seminarios de formación agroforestal cunha duración de 50 horas lectivas por cada ano, os cales estarán previamente homologados pola consellería con competencia en materia agraria ou consellería correspondente, de acordo co Decreto 247/2000, do 29 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de capacitación agraria.





3. Cun certificado de aproveitamento de cursos relacionados coa incorporación da persoa moza, cunha duración mínima de 250 horas lectivas, establecidos pola consellería con competencia en materia agraria, de acordo co Decreto 247/2000, do 29 de setembro.

4. Mediante certificación de aproveitamento de cursos relacionados coa incorporación da persoa moza, cunha duración mínima de 250 horas lectivas, desenvolvidos por outras entidades competentes en ensinanzas agrarias, sempre que estean previamente homologados pola consellería con competencia en materia agraria ou consellería correspondente, de acordo co Decreto 247/2000, do 29 de setembro.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 11:57:06
Nº Rexistro: 44266
Data envío: 22/01/2019 11:57:06.623

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 11:57:03

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 44330

Data envío: 22/01/2019 15:09:01.241

Data 22/01/2019 15:08

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 38395**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas á construción e posta en marcha, en colaboración co Concello, dun centro de día en Ribadavia”**, (publicada no BOPG número 371 do 16 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social da Xunta de Galicia conta cunha ampla rede de centros socio-comunitarios distribuídos ao longo da xeografía galega, dos que 11 están situados en localidades da provincia de Ourense.

Todos eses centros teñen carácter comarcal e os seus obxectivos primordiais son previr a dependencia dos maiores, fomentar a súa autonomía persoal, combater o illamento, potenciar as relacións sociais entre persoas dunha mesma comarca e atrasar todo o posible o deterioro físico e cognitivo.

O edificio no que se asenta o centro socio-comunitario de Ribadavia, ao que acoden a diario numerosos usuarios de toda a comarca do Ribeiro (con picos mensuais de ata 200 persoas), presenta características arquitectónicas complexas desde o punto de vista das limitacións de espazo, acceso de vehículos, acceso de persoas dependentes -que son os usuarios da rede autonómica de centros de día-..., aínda que sí cumpre a normativa vixente en materia de centros socio-comunitarios.



Xacobeo 2021

página 1 de 2



Pola súa banda, a normativa que regula os centros de día (Orde de 25 de xuño de 2008, que establece os requisitos específicos para ese tipo de servizos), contempla outras esixencias como son que os inmobles que os acollan estean situados en espazos de uso exclusivo, que contén con entrada independente desde un espazo público, que dispoñan dun despacho de dirección, un despacho de acoplamento persoal, unha sala de curas, unha sala polivalente, unha sala de atención controlada, unha sala de rehabilitación, así como outras dependencias, que evidentemente non se poden habilitar coa superficie da que dispón na actualidade o edificio do actual centro socio-comunitario de Ribadavia.

Por todo o dito, resulta inviable a instalación dun centro destas características no mesmo edificio no que neste momento se encontra funcionando o centro socio-comunitario de Ribadavia e, menos aínda, compatibilizando os dous, que son servizos diferentes, as súas actividades diarias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 44330
Data envío: 22/01/2019 15:09:01.241

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 15:08:44

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 11:56:58
Nº Rexistro: 44265
Data envío: 22/01/2019 11:56:58.716
Data 22/01/2019 11:56

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 38399**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do proxecto da Autoridade Portuaria de Vigo referido á adquisición dos terreos da empresa Duchess co fin de establecer no litoral de Rande, en Redondela, unha base loxística e de reparación de contedores”**, (publicada no BOPG número 371 do 16 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Sobre este asunto xa se deu resposta na Comisión 2ª do 13 de novembro polo presidente do ente público Portos de Galicia, a través da iniciativa 38400, e tamén na Comisión 6ª do 22 de novembro, a través da iniciativa 38347.

Poden consultarse os arquivos audiovisuais nas seguintes ligazóns:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2018-11-13?part=2bd5f83f-4028-4da4-8df8-ab88cc9d0771&start=4224>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2018-11-22?part=df7e5931-8785-41a8-8f09-62c62bb5969c&start=62>

A Xunta de Galicia abstívose na votación no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo e mantén unha postura de prudencia respecto desta cuestión.

Non en van, o Concello de Redondela ten tamén unha proposta ao respecto que debe ser escoitada e avaliada de xeito preciso.



Por tanto, dende este Departamento facemos un chamamento á prudencia co obxectivo de escoitar a todas as partes interesadas.

Por outra banda, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural ten correctamente definidos os espazos naturais protexidos e os espazos protexidos rede Natura 2000 e en consecuencia á hora de informar, tanto este como outros proxectos, analizaranse e valoraranse as posibles afeccións que se poden producir sobre eles e/ou sobre os seus valores naturais para determinar a súa viabilidade.

Ata o momento actual, non chegou ás dependencias desta dirección xeral ningún proxecto construtivo ao respecto.

Será nese momento cando se analicen e determinen os impactos que o citado proxecto pode chegar a producir sobre os valores naturais.

Por outra banda, consultada a Subdirección de Avaliación Ambiental indican que NON hai nada referido a este proxecto nin por trámite propio nin por consulta consulta.

Polo tanto, a Consellería de Medio Ambiente non recibiu este proxecto para a súa tramitación ambiental, polo que non é posible aventurar os posibles impactos sen coñecer as súas características”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 11:56:58
Nº Rexistro: 44265
Data envío: 22/01/2019 11:56:58.716

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 11:56:55

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 38981** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as intencións do Goberno galego respecto da súa participación nunha mesa de diálogo, xunto coa Administración central, o Concello de Pontevedra e os colectivos interesados, para estudar o posible traslado de Ence fóra da ría de Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 375 do 24 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En canto á situación de Ence, cómpre lembrar que a instalación conta cos títulos habilitantes necesarios, concretamente coa concesión de ocupación do dominio público marítimo-terrestre outorgada polo Goberno central e coa autorización ambiental integrada concedida pola Xunta en 2008.

En todo caso, desde a Xunta de Galicia estase aberto ao diálogo sobre calquera cuestión, sempre tendo en conta as competencias de cada organismo e que estean dispostos a participar todos os sectores implicados de xeito voluntario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 44142
Data envío: 21/01/2019 09:17:30.559

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/01/2019 9:17:27

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 39564** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto das características que debe ter o treito da estrada PO-331, comprendido entre o punto quilométrico 11.200 e o punto quilométrico 14.600, na parroquia de Vincios”**, (publicada no BOPG número 380 do 6 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 39562, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 412, do 16 de xaneiro de 2019.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 11:55:46
Nº Rexistro: 44259
Data envío: 22/01/2019 11:55:46.716

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 11:55:43

CSV: BOPGDSPG-Y65plFOar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 44329

Data envío: 22/01/2019 15:08:39.929

Data 22/01/2019 15:08

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 39786**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o posicionamento do Goberno galego respecto das carencias que están a padecer os mariscadores da ría do Burgo**”, (publicada no BOPG número 383 do 14 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“No tinxinte ao posto de control e pesado do marisco que está situado á beira da Ponte da Pasaxe, sinalar que a situación deste punto determínoa a propia Confraría de Pescadores da Coruña, e aparece recollido nos seus plans de explotacións, que posteriormente son aprobados pola Consellería do Mar.

Non se trata, por tanto, dunha obriga por parte da Administración, senón que é o propio sector quen decide ou non a idoneidade deste punto. A maiores, sinalar que este punto está autorizado pola Consellería de Sanidade.

Sen embargo, existe un informe negativo do Servizo de Inspección Veterinaria de Gardacostas no que se indica que o referido local non reúne as condicións mínimas para efectuar a primeira venda, segundo o legalmente establecido.

Por tanto, estamos a falar dun posto de control que unicamente debería ter a función de pesaxe e control do produto extraído, para o cal unicamente se precisa dunha báscula, sendo necesario reservar outros lugares para a súa posterior comercialización.



Tampouco cumpre a función de lugar de vestiario para os traballadores do mar, senón que para ese fin resérvase outro espazo nos portos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 44329
Data envío: 22/01/2019 15:08:39.929

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 15:08:36

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 13:41:58
Nº Rexistro: 44528
Data envío: 24/01/2019 13:41:58.713
Data 24/01/2019 13:41

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 40270** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **“as medidas que vai adoptar o Goberno galego para apoiar o proxecto de modernización e desenvolvemento do Estaleiro 4.0 na Ría de Ferrol”**, (publicada no BOPG número 386 do 21 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O naval galego é un referente a nivel estatal. De feito, Galicia contabiliza o 42% dos contratos en carteira que actualmente rexistran os estaleiros de toda España, o que se traduce en 750 millóns de euros de investimento e 4,2 millóns de horas de traballo, sendo estas as maiores cifras de actividade nos últimos anos grazas ao intenso labor realizado por esta industria co apoio da Xunta para que a calidade, a experiencia e a innovación tecnolóxica sexan as súas fortalezas competitivas.

Como se ten informado no Parlamento, a Administración autonómica conta cun conxunto de programas específicos de impulso da Industria 4.0 en Galicia, que prestan atención aos sectores prioritarios para a economía e o emprego na comunidade, entre os que se atopa o naval. Neste contexto, encádranse as dúas unidades mixtas de investigación nas que participa Navantia, unha de cara a consolidar o proxecto iniciado en 2015 xunto á Universidade da Coruña para o desenvolvemento de novas técnicas e tecnoloxías que permitan incrementar a competitividade do estaleiro na Ría de Ferrol, así como a mellora dos procesos produtivos existentes e a definición doutros novos, baixo o nome ‘O Estaleiro do Futuro’; e outra para abordar un novo proxecto en colaboración co centro tecnolóxico



AIMEN, co reto de desenvolver novos materiais e estruturas automatizadas para fabricación avanzada.

Ademais, débese salientar o traballo conxunto e o apoio prestado ao Clúster do Naval Galego nas accións de modernización desta industria, que benefician particularmente as empresas auxiliares, na medida que resultan indispensable para que o estaleiro galego avance de xeito sólido na mellora da súa competitividade. O mesmo ocorre co plan de formación específico posto en marcha pola Xunta para facer do capital humano un activo que permita ao sector seguir crescendo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 13:41:58
Nº Rexistro: 44528
Data envío: 24/01/2019 13:41:58.713

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2019 13:41:55

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **40451** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona María Luísa Pierres López, sobre “**as actuacións concretas previstas para a execución do proxecto denominado ‘Desenvolvemento e integración dun sistema de xestión de transporte á demanda na Comunidade Autónoma de Galicia’**”, (publicada no BOPG número 390 do 28 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Con cargo ao proxecto orzamentario denominado ‘*Desenvolvemento e integración dun sistema de xestión de transporte a demanda na Comunidade Autónoma de Galicia*’ fináncianse os contratos de servizo das asistencias técnicas que, actualmente, están a elaborar o Plan de Transporte Público de Galicia que, entre os seus programas, inclúe a implantación dunha serie de servizos de transporte á demanda na Comunidade Autónoma de Galicia.

A eses contratos de servizo correspóndelles tamén, nese sentido, entre outra documentación, a elaboración dos correspondentes Proxectos de explotación dos citados servizos de transporte, así como a análise e posta en marcha dos correspondentes servizos á demanda. Servizos de transporte previstos cunha duración de 10 anos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2019 13:26:25
Nº Rexistro: 44665
Data envío: 25/01/2019 13:26:25.650

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/01/2019 13:26:22

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 44138

Data envío: 21/01/2019 09:16:57.934

Data 21/01/2019 09:16

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 40485**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de establecer algunha medida para evitar que por falta de formación se repitan sinistros como o rexistrado polo volanteiro "O Busi" en marzo de 2017”**, (publicada no BOPG número 390 do 28 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar, a través do Servizo de Gardacostas de Galicia, é coñecedora das conclusións da investigación da Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes Mariños, dependente do Ministerio de Fomento, sobre o incendio e posterior afundimento do pesqueiro ‘O Busi’ a dez millas ao noroeste da costa coruñesa de Cedeira, o pasado mes de marzo de 2017.

Este Departamento coñece a valoración realizada pola CIAIM, que tal como se recolle no informe, entende que as alarmas e detectores de incendios instalados na embarcación non operaron. A maiores, tamén é coñecedor da apreciación dunha grave falta de familiarización dos tripulantes cos procedementos e os sistemas contra incendios instalados no buque sinistrado. Para a CIAIM este feito evidencia que non se realizaban periodicamente exercicios contraincendios eficaces, circunstancia que provocou que a tripulación fora incapaz de avaliar adecuadamente a emerxencia e, por tanto, a inacción na loita contra o incendio.



Tal como menciona o informe da CIAIM, temos que lembrar a importancia de efectuar os preceptivos exercicios contraincendios, para familiarizarse cos equipos e procedementos a empregar nun incendio, tal como establece o artigo 16 do Anexo V do Real Decreto 543/2007.

Por outra banda, hai que ter en conta que é posible obter formación en seguridade dentro da programación de cursos que oferta a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, tanto no curso de mariñeiro pescador coma no de loita contra a contaminación.

Cómpre lembrar que apostamos decididamente pola formación, sendo actualmente unha área blindada, ampliando a oferta educativa e incrementando para o ano 2019 os fondos destinados a ensinanzas marítimo pesqueiras. Isto fai que a cifra de suba acade un 12% no último trienio e nun 32% desde 2015.

Por último sinalar que o control, inspección e vixilancia neste eido corresponde ás Capitanías Marítimas, do mesmo xeito que as titulacións obrigatorias dos despachos de buques son competencia estatal”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 44138
Data envío: 21/01/2019 09:16:57.934

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/01/2019 9:16:47

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 40493** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez, e dona María Luísa Pierres López, sobre “**o tratamento das augas residuais urbanas**”, (publicada no BOPG número 390 do 28 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 40494 de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 412, do 16 de xaneiro de 2019.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 11:55:01
Nº Rexistro: 44255
Data envío: 22/01/2019 11:55:01.591

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 11:54:49

CSV: BOPGDSPG-Y65plFOar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 40739** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para resolver o problema das verteduras procedentes do polígono industrial do Espírito Santo que se veñen padecendo nos lugares da Gándara e San Marcos, da parroquia de Nós, no concello de Oleiros”**, (publicada no BOPG número 390 do 28 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 40737, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 412, do 16 de xaneiro de 2019.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 11:54:19
Nº Rexistro: 44253
Data envío: 22/01/2019 11:54:19.201

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 11:53:24

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2019 13:25:47
Nº Rexistro: 44661

Data envío: 25/01/2019 13:25:47.306

Data 25/01/2019 13:25

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 40766** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora no inicio das obras de rehabilitación previstas pola Xunta de Galicia nas vivendas de promoción pública das Felgosas e Vila da Igrexa, no concello de Cerdido”**, (publicada no BOPG número 390 do 28 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“As obras ás que se refire a iniciativa comenzaron o 17 de agosto de 2018, dentro do prazo establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de cada un dos contratos. Unha vez autorizado o inicio da obra, leváronse a cabo por parte das empresas as labores previas, entre as que se atopa o acopio de material, a contratación de estadas e os protocolos do estado actual das vivendas.

Tanto nas vivendas de Vila da Igrexa como nas de Felgosas están previstas no proxecto obras para mellorar o illamento das cubertas dos garaxes.

En Felgosas realizáronse reparacións no ano 2009 como consecuencia de danos provocados por un temporal. En xullo de 2012 executouse unha obra de reparación da fachada e en 2018 iniciouse a obra de rehabilitación en materia de eficiencia enerxética, actuando no exterior e no interior das vivendas.



En Vila da Igrexa, realizáronse reparacións en 2009 como consecuencia de danos provocados por un temporal. Na obra de rehabilitación enerxética iniciada en 2018 actúase no exterior das vivendas para mellorar a eficiencia enerxética actuando na envolvente.

Polo que respecta as inspeccións, nesta obra, como en calquera outra, o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) controla a correcta execución das mesmas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2019 13:25:47
Nº Rexistro: 44661
Data envío: 25/01/2019 13:25:47.306

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/01/2019 13:25:35

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 40885** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da eficacia da súa política en materia de depuración e saneamento”**, (publicada no BOPG número 394 do 5 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 40887 de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 412, do 16 de xaneiro de 2019.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 10:41:30
Nº Rexistro: 44248
Data envío: 22/01/2019 10:41:30.683

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 10:41:26

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 13:40:56
Nº Rexistro: 44522

Data envío: 24/01/2019 13:40:56.573

Data 24/01/2019 13:40

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 40979**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“a incidencia, no impulso do relevo xeracional no sector da pesca, da eliminación das axudas destinadas ás persoas mozas pescadoras”**, (publicada no BOPG número 394 do 5 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“No que se refire a partida ‘Axuda inicial a mozos e mozas pescadores’, trátase da axuda destinada á adquisición de embarcacións de ata 24 metros de eslora por mozos menores de 40 anos que cumpran unhas determinadas condicións.

Precisamente pola aplicación dos requisitos esixidos na normativa FEMP, nas convocatorias de 2016, 2017 e 2018 foi imposible conceder ningunha axuda neste ámbito por non cumprirse cos requisitos esixidos pola normativa do FEMP.

Por outro lado, a partida en cuestión só se pode adicar a unha determinada medida do FEMP, polo que non se pode deixar de lado os requisitos que esixe o FEMP. Neste momento, e grazas ás achegas de información realizadas por Galicia e á culminación do proceso de negociación coa Comisión Europea, o obstáculo para a concesión de axudas foi removido e poderanse convocar este tipo de axudas.



En todo caso, e para non desaproveitar os fondos previamente asignados a esta medida, foron redistribuídos para outros conceptos, xa que non existen unha única medida para o relevo xeracional.

En todo caso, ninguén pode negar que o fortalecemento da competitividade da frota e da formación marítimo-pesqueira son retos polos que traballa este goberno da Xunta. Así, dende 2009 conseguiuase frear nun 64% a caída de traballadores do mar e a cifra de afiliados á Seguridade Social no Réxime Especial do Mar mantense estable (e mesmo á alza) desde xaneiro de 2015”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 13:40:56
Nº Rexistro: 44522
Data envío: 24/01/2019 13:40:56.573

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2019 13:40:51

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 41119**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir o mantemento dos postos de traballo e das prazas residencias da Residencia Valle Inclán para persoas maiores, no concello de Vilanova de Arousa”**, (publicada no BOPG número 394 do 5 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Ao tratarse dun centro de iniciativa privada, tanto o persoal como as prazas residenciais están, pola súa natureza, fora do ámbito competencial desta Consellería, máis aló das competencias de autorización, ámbito no que se está actuando ao ditar resolución de peche por funcionamento sen autorización, como de inspección, no que tamén se está a actuar realizando inspeccións periódicas na fase de execución da resolución de clausura”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2019 13:25:14
Nº Rexistro: 44658
Data envío: 25/01/2019 13:25:14.415

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/01/2019 13:25:11

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 41421**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a carta remitida pola Consellería de Política Social aos centros dependentes dela en relación cos actos previstos co gallo da celebración, o día 25 de novembro, do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller”**, (publicada no BOPG número 397 do 13 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social, a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que xestiona un total de 70 centros de día, residencias e vivendas comunitarias na comunidade autónoma, enviou nos días previos á celebración do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller unha comunicación interna á dirección de todos os centros da súa rede para a coordinación con elas dos actos co gallo desa data.

O obxectivo dese correo electrónico era puramente organizativo, lembrándolles unicamente cal era a campaña institucional da Xunta de Galicia (organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade en coordinación con outros departamentos da Administración galega) xa que, como sucede todos os anos, estaban previstas unha serie de actividades cun mínimo común denominador para todos os centros que, como os dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, son de titularidade autonómica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 10:41:11
Nº Rexistro: 44246
Data envío: 22/01/2019 10:41:11.511

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 10:40:49

CSV: BOPGDSPG-Y65plFOar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 41574** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para xestionar de xeito responsable os recursos hídricos”**, (publicada no BOPG número 400 do 18 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A normativa básica en materia de réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local así como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e a normativa sectorial en materia de augas, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, atribúe aos concellos a competencia exclusiva en materia de abastecemento e saneamento dos seus sistemas municipais. Outórgalles as atribucións en materia de subministro de auga, sumidoiros e tratamento de augas residuais, e establece tamén esta normativa, como servizos que todo concello debe prestar, por si mesmo ou asociado, entre outros, o de abastecemento domiciliario de auga potable e alcantarillado.

Os concellos son os competentes na xestión das redes de abastecemento e saneamento e, polo tanto, os que teñen a posibilidade e a responsabilidade de adoptar medidas respecto da xestión destas redes e respecto da forma de utilización dos servizos.

A Administración autonómica non pode interferir nas competencias da Administración local limitando a súa capacidade de actuación, vulnerando a garantía constitucional da autonomía local e a distribución de competencias establecida. Non obstante, si ten como atribución importante o apoio ás administración locais, e colabora e axuda para un desenvolvemento máis eficaz destas competencias municipais.

Neste marco de colaboración cómpre destacar, ademais da colaboración técnica e financeira da Administración autonómica para o desenvolvemento e execución de infraestruturas hidráulicas dos concellos, outras actuacións realizadas co obxectivo de acadar un uso responsable da auga.



Así desde, Augas de Galicia realízanse campañas de sensibilización e difusión en medios de comunicación que teñen por obxecto a promoción e o consumo responsable da auga, fomentando actitudes que reduzan o impacto ambiental humano sobre as masas de auga da Comunidade Autónoma. Tamén se promoven accións de divulgación e educativas en torno ao uso responsable da auga destinadas ao público escolar.

Sinalar, ademais, que a Administración hidráulica de Galicia ten atribucións respecto do control dos recursos hídricos en períodos de seca hidrolóxica (non ten atribucións en relación coas infraestruturas). O obxectivo principal da súa xestión nestes períodos é adoptar as medidas axeitadas para garantir os usos prioritarios de acordo co establecido na normativa, fundamentalmente o abastecemento á poboación e a minimización dos efectos negativos sobre o medio natural, establecendo medidas, de ser o caso, que protexan a flora e a fauna fluvial.

Galicia conta, para o exercicio das súas competencias, coa súa normativa de planificación hidrolóxica, o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa do ciclo 2015-2021, que foi elaborado por Augas de Galicia, para dar cumprimento á Directiva Marco da Auga e aprobado por Real Decreto 11/2016, do 8 de xaneiro. Este plan constitúe a ferramenta de planificación, xestión e ordenación dos recursos hídricos de Galicia-Costa e define a política a seguir durante estes anos en materia de augas, que ten como obxectivos fundamentais acadar o bo estado das masas de auga e promover o seu uso sostible, e satisfacer axeitadamente as demandas de auga en equilibrio co medio ambiente.

Galicia dispón tamén dun instrumento máis específico que lle permite á Administración, ante un episodio concreto de seca, a identificación, avaliación, seguimento, toma de decisións e posterior adopción de medidas precisas de cara a minimizar os efectos adversos dunha situación de seca. Este instrumento é o Plan de seca da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en data 1 de agosto de 2013.

Este plan recolle as medidas correctoras en relación coa utilización dos recursos hídricos ao obxecto de intensificar o aforro e acadar un aproveitamento aínda máis eficiente da auga ata que os recursos superficiais, subterráneos e as reservas encoradas recuperen os niveis necesarios; así como a fin de asegurar ao máximo os usos da auga para o abastecemento de poboacións e outros usos declarados prioritarios pola normativa.

Os documentos de planificación referidos foron elaborados tendo en conta as circunstancias e condicionantes do momento, con toda a información da que se dispoñía, coa participación de todas as administracións públicas implicadas e coas achegas recibidas durante os distintos





procesos de participación pública.

A preocupación polo estudo sobre o impacto ambiental e o cambio climático nos recursos hídricos é xeneralizada e estase a traballar e a analizar desde todos os ámbitos, a nivel europeo, estatal, autonómico e local. A incorporación e adecuación dos instrumentos de planificación aos escenarios futuros deberase realizar de xeito coordinado, segundo as directrices sinaladas na normativa e nos prazos que esta dita.

Desde a Xunta de Galicia trabállase para acadar esta adaptación mediante a revisión da planificación polo procedemento establecido e en coordinación coas demais administracións.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2019 13:24:33
Nº Rexistro: 44654
Data envío: 25/01/2019 13:24:33.852

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/01/2019 13:24:24

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 42158**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a cobertura das baixas e vacacións dos facultativos no Centro de Saúde de Vedra”**, (publicada no BOPG número 411 do 15 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As ausencias dos profesionais e as súas substitucións son valoradas no conxunto da Área, utilizando os recursos dos que se dispoñen naqueles servizos onde son máis necesarios.

Sempre que é posible se procede a cobertura ao 100 por 100.

No caso concreto do Centro de Saúde de Vedra, debido as vacacións dun facultativo coincidente coa baixa maternal doutra e a carencia de facultativos, non se puido cubrir ao 100 por 100 na época do nadal quedando a maior parte dos días dous facultativos que asumiron a consulta do ausente sen que en ningún momento diminuíra a calidade asistencial e nunca ningún doente quedou sen asistencia.

Desde a Xerencia informouse ao Concello de Vedra que en canto se dispoñía de persoal cubriríase a baixa da titular que estaría ausente ata o 29 de xaneiro.

O 4 de xaneiro foi contratada unha médico substituta de forma continua ata a incorporación da titular. Polo que o CS de Vedra traballa ao 100%”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 13:07:59
Nº Rexistro: 44513
Data envío: 24/01/2019 13:07:59.559

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2019 13:07:51

CSV: BOPGDSPG-Y65plFOar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **33845** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o tratamento das augas residuais urbanas**”, (publicada no BOPG número 350 do 3 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 33846, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 412, do 16 de xaneiro de 2019.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 12:01:25
Nº Rexistro: 44294
Data envío: 22/01/2019 12:01:25.873

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 12:01:21

CSV: BOPGDSPG-Y65plFOar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 13:43:26
Nº Rexistro: 44536

Data envío: 24/01/2019 13:43:26.776

Data 24/01/2019 13:43

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 34068** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para a mellora da rede de saneamento de Celeiro e a EDAR de Viveiro”**, (publicada no BOPG número 350 do 3 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“As competencias en materia de saneamento e abastecemento atribúense aos concellos pola normativa básica en materia de réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local así como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e a normativa sectorial en materia de augas, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a cal lles outorga as atribucións en materia de subministro de auga, sumidoiros e tratamento de augas residuais, e establece tamén, como servizos que todo concello debe prestar, por si mesmo ou asociado, entre outros, o de abastecemento domiciliario de auga potable e alcantarillado.

A Administración autonómica ten atribuído o apoio ás administración locais e a colaboración e axuda para un desenvolvemento máis eficaz destas competencias municipais.

Neste ámbito de colaboración, e coa finalidade de apoiar ao Concello de Viveiro no desenvolvemento das súas competencias de saneamento e depuración, asinouse un convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Viveiro para a execución de actuacións de saneamento de Celeiro e mellora da EDAR de Viveiro, que ten como obxecto a construción dun novo emisario.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



Desde a sinatura deste convenio, estase a traballar na tramitación necesaria para poder comezar coa súa execución. Esta tramitación é moi complexa debido a que afecta a moitas administracións con competencias nas distintas materias, e requírese a obtención de diversas autorizacións administrativas: do órgano ambiental, en materia de costas, etc.

Augas de Galicia, consciente dos problemas do Concello de Viveiro, a maiores da sinatura do mencionado convenio para poder executar un novo emisario, licitou a redacción dun proxecto de melloras nas liñas de tratamento da estación depuradora de augas residuais de Viveiro que ten como obxectivo mellorar a capacidade e o grado de depuración previo ao emisario de todas as augas de Viveiro; proxecto que actualmente está redactado e en supervisión. Isto permitirá continuar traballando, en colaboración co Concello, na mellora da calidade da auga da ría”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 13:43:26
Nº Rexistro: 44536
Data envío: 24/01/2019 13:43:26.776

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2019 13:43:16

CSV: BOPGDSPG-Y65plFOar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **35176** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa ponte medieval de Ponte Sampaio e a estrada PO-264**”, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 35177, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 412, do 16 de xaneiro de 2019.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 12:00:43
Nº Rexistro: 44288
Data envío: 22/01/2019 12:00:43.701

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 12:00:40

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35471** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego da situación na que se atopan os traballos de conservación e mantemento que se están a realizar na ponte de Rande e as consecuencias que tería a imposibilidade de evacuar os carrís exteriores no caso de emerxencia”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 35473, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 412, do 16 de xaneiro de 2019.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 11:58:46
Nº Rexistro: 44277
Data envío: 22/01/2019 11:58:46.779

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 11:58:43

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 37416** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da apertura dun novo proceso de diálogo co Concello de Narón e coa veciñanza afectada co fin de acordar un novo proxecto para a senda peonil do Val que minimize as afeccións e mellore a seguridade viaria”**, (publicada no BOPG número 365 do 3 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 37415, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 412, do 16 de xaneiro de 2019.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 11:58:22
Nº Rexistro: 44274
Data envío: 22/01/2019 11:58:22.419

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 11:58:14

CSV: BOPGDSPG-Y65plFOar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 38982** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da concesión a dunha prórroga por 60 anos máis para o asentamento de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra, e as súas intencións respecto da súa participación nunha mesa de diálogo, xunto coa Administración central, o Concello de Pontevedra e os colectivos interesados, para estudar o seu posible traslado fóra da ría”**, (publicada no BOPG número 375 do 24 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En canto á situación de Ence, cómpre lembrar que a instalación conta cos títulos habilitantes necesarios, concretamente coa concesión de ocupación do dominio público marítimo-terrestre outorgada polo Goberno central e coa autorización ambiental integrada concedida pola Xunta en 2008. En todo caso, desde a Xunta de Galicia estase aberto ao diálogo sobre calquera cuestión, sempre tendo en conta as competencias de cada organismo e que estean dispostos a participar todos os sectores implicados de xeito voluntario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 44141
Data envío: 21/01/2019 09:17:22.731

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/01/2019 9:17:19

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 39565** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego en relación coa toma en consideración das alegacións presentadas pola Asociación Veciñal O Galiñeiro de Vincios respecto do proxecto de mellora da seguridade viaria da estrada PO-331, no treito comprendido entre o punto quilométrico 11.200 e o punto quilométrico 14.600, así como a adopción de medidas para a supresión ou o abaratamento da peaxe da autovía AG-57”**, (publicada no BOPG número 380 do 6 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 39562, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 412, do 16 de xaneiro de 2019.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 11:55:39
Nº Rexistro: 44258
Data envío: 22/01/2019 11:55:39.060

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 11:55:35

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **40450** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona María Luísa Pierres López, sobre **“as actuacións concretas previstas para a execución do proxecto denominado ‘Desenvolvemento e integración dun sistema de xestión de transporte á demanda na Comunidade Autónoma de Galicia’, o significado real do indicador Servizos de transporte á demanda definidos e a xustificación dun investimento superior aos trece millóns de euros nese proxecto”**, (publicada no BOPG número 391 do 29 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Con cargo ao proxecto orzamentario denominado *‘Desenvolvemento e integración dun sistema de xestión de transporte a demanda na Comunidade Autónoma de Galicia’* fináncianse os contratos de servizo das asistencias técnicas que, actualmente, están a elaborar o Plan de Transporte Público de Galicia que, entre os seus programas, inclúe a implantación dunha serie de servizos de transporte á demanda na Comunidade Autónoma de Galicia.

A eses contratos de servizo correspóndelles tamén, nese sentido, entre outra documentación, a elaboración dos correspondentes Proxectos de explotación dos citados servizos de transporte, así como a análise e posta en marcha dos correspondentes servizos á demanda. Servizos de transporte previstos cunha duración de 10 anos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2019 13:26:38
Nº Rexistro: 44666
Data envío: 25/01/2019 13:26:38.525

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/01/2019 13:26:30

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40738** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego das verteduras procedentes do polígono industrial do Espírito Santo que se veñen padecendo nos lugares da Gándara e San Marcos, da parroquia de Nós, no concello de Oleiros, as análises realizadas por Augas de Galicia en relación coas rexistradas en abril de 2018, así como as medidas e protocolos que se van seguir para detectar a súa presenza tralo aumento da capacidade dos colectores e solucionar o problema”**, (publicada no BOPG número 391 do 29 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 40737, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 412, do 16 de xaneiro de 2019.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 11:54:44
Nº Rexistro: 44254
Data envío: 22/01/2019 11:54:44.982

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 11:54:40

CSV: BOPGDSPG-Y65plFOar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2019 13:25:56
Nº Rexistro: 44662

Data envío: 25/01/2019 13:25:56.837

Data 25/01/2019 13:25

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **40765** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para demorar o inicio das obras de rehabilitación previstas nas vivendas de promoción pública das Felgosas e Vila da Igrexa, no concello de Cerdido, así como para non afrontar as dos tellados nos garaxes, e os datos referidos ás obras executadas e as inspeccións levadas a cabo nelas”**, (publicada no BOPG número 391 do 29 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“As obras ás que se refire a iniciativa comenzaron o 17 de agosto de 2018, dentro do prazo establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de cada un dos contratos. Unha vez autorizado o inicio da obra, leváronse a cabo por parte das empresas as labores previas, entre as que se atopa o acopio de material, a contratación de estadas e os protocolos do estado actual das vivendas.

Tanto nas vivendas de Vila da Igrexa como nas de Felgosas están previstas no proxecto obras para mellorar o illamento das cubertas dos garaxes.

En Felgosas realizáronse reparacións no ano 2009 como consecuencia de danos provocados por un temporal. En xullo de 2012 executouse unha obra de reparación da fachada e en 2018 iniciouse a obra de rehabilitación en materia de eficiencia enerxética, actuando no exterior e no interior das vivendas.



En Vila da Igrexa, realizáronse reparacións en 2009 como consecuencia de danos provocados por un temporal. Na obra de rehabilitación enerxética iniciada en 2018 actúase no exterior das vivendas para mellorar a eficiencia enerxética actuando na envolvente.

Polo que respecta as inspeccións, nesta obra, como en calquera outra, o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) controla a correcta execución das mesmas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2019 13:25:56
Nº Rexistro: 44662
Data envío: 25/01/2019 13:25:56.837

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/01/2019 13:25:53

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 13:41:20
Nº Rexistro: 44524
Data envío: 24/01/2019 13:41:20.182
Data 24/01/2019 13:41

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40855** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións de Augas de Galicia referidas á autorización da eliminación de todas as captacións de auga para consumo humano na zona afectada polo proxecto de reapertura da mina de cobre no concello de Touro, o coñecemento dos resultados das analíticas desas captacións presentadas pola empresa promotora e as actuacións levadas a cabo ou previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 394 do 5 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Augas de Galicia, en base ao ámbito de competencias que ten atribuído como organismo de conca, emitiu informe, datado o 7 de maio de 2018, en resposta á solicitude realizada a tal efecto pola Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria-Servizo de Enerxía e Minas, de conformidade ao establecido no artigo 23 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de Ordenación da Minaría de Galicia.

Nese informe Augas de Galicia reflectiu as captacións inscritas no ámbito de estudo e nas zonas máis próximas, solicitando, en base ao establecido no artigo 44 b) 2 da Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia–Costa, un informe hidroxeolóxico xustificativo das posibles afeccións e instando, no caso de afectar a algunha captación de auga inscrita, como consecuencia das actuacións propostas no proxecto, á súa reposición. A este respecto cómpre lembrar que a inscrición rexistral, segundo se recolle no artigo 195 quáter do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, considérase medio de proba da existencia e



situación das concesións, así como dos dereitos recoñecidos no artigo 54 do Texto Refundido da Lei de Augas.

Sinalar, ademais, que no ámbito da actuación, Augas de Galicia conta cunha serie de puntos de control de parámetros físico-químicos, químicos, biolóxicos e hidromorfolóxicos tanto para augas superficiais como subterráneas (químicos e cuantitativos). O detalle das frecuencias de mostraxe e os parámetros analizados en cada un dos diferentes programas de seguimento poden consultarse no Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2015-2021 aprobado por Real Decreto 11/2016 do 8 de xaneiro polo que se aproban os plans hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas de Galicia-Costa, das bacías mediterráneas andaluzas, do Guadalete-Barbate e do Tinto, Odiel e Piedras no seguinte link:

https://augasdeg Galicia.xunta.gal/seccion-tema/c/Planificacion_hidroloxica?content=plan-hidroloxico-gc/seccion.html&sub=Subseccion_002/

Segundo se establece na Directiva Marco da Auga (Directiva 2000/60/CE, de 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas), deberanse aplicar as medidas necesarias para previr o deterioro do estado de todas as masas de auga. Isto implica que ante a instalación dunha actividade con potencial impacto sobre as augas deben poñerse en marcha as medidas oportunas que garantan que non se excede a capacidade receptora do medio.

Neste sentido, no Plan Hidrolóxico de Galicia Costa 2015-2021 establécense, entre outras, as seguintes medidas:

- Plan de Control de Vertidos na Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa (DHGC)
 - Actuacións na rede de control de augas subterráneas na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa
 - Mostraxe e análise de substancias prioritarias nas matrices de sedimento e biota nos puntos de control incluídos na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa
 - Redes de control de prepotables, tramos piscícolas, redes OSPAR e rede de pequenos encoros, no ámbito da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa
 - Calidade ambiental para a análise e xestión das redes de vixilancia e operativas definidas no Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa



- Rede de aforos e control de calidade das augas
- Abastecemento e saneamento a zonas rurais
- Medidas agroambientais
- Actuacións de erradicación de especies exóticas invasoras
- Acondicionamento, mantemento e conservación do DPH na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 13:41:20
Nº Rexistro: 44524
Data envío: 24/01/2019 13:41:20.182

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2019 13:41:02

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **40886** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego referida á eficacia da súa política en materia de depuración e saneamento, a contía que debe pagar polo incumprimento da normativa comunitaria de tratamento de residuos líquidos en Santiago de Compostela, Vigo e Ribeira e a situación na que se atopa o procedemento aberto pola Unión Europea contra España por infraccións no eixo Pontevedra-Marín-Poio-Bueu, así como as medidas que vai adoptar ao respecto”**, (publicada no BOPG número 394 do 5 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 40887 de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 412, do 16 de xaneiro de 2019.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 10:41:22
Nº Rexistro: 44247
Data envío: 22/01/2019 10:41:22.089

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 10:41:18

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 41569** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“a avaliación por parte do Goberno galego en relación cos datos reflectidos no último informe do Instituto Nacional de Estatística no que atinxe á subministración e ao saneamento da auga en Galicia, as causas do incremento que presenta a que se está a perder e a súa opinión referida á xestión que está a levar a cabo Augas de Galicia, así como as medidas previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 400 do 18 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A normativa básica en materia de réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local así como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e a normativa sectorial en materia de augas, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, atribúe aos concellos a competencia exclusiva en materia de abastecemento e saneamento dos seus sistemas municipais. Outórgalles as atribucións en materia de subministro de auga, sumidoiros e tratamento de augas residuais, e establece tamén esta normativa, como servizos que todo concello debe prestar, por si mesmo ou asociado, entre outros, o de abastecemento domiciliario de auga potable e alcantarillado.

Os concellos son os competentes na xestión das redes de abastecemento e saneamento e, polo tanto, os que teñen a posibilidade e a responsabilidade de adoptar medidas respecto da xestión destas redes e respecto da forma de utilización dos servizos.

A Administración autonómica non pode interferir nas competencias da Administración local limitando a súa capacidade de actuación, vulnerando a garantía constitucional da autonomía local e a distribución de competencias establecida. Non obstante, si ten como atribución importante o apoio ás administración locais, e colabora e axuda para un desenvolvemento máis eficaz destas competencias municipais.



Neste marco de colaboración cómpre destacar, ademais da colaboración técnica e financeira da Administración autonómica para o desenvolvemento e execución de infraestruturas hidráulicas dos concellos, outras actuacións realizadas co obxectivo de acadar un uso responsable da auga.

Así desde, Augas de Galicia realízanse campañas de sensibilización e difusión en medios de comunicación que teñen por obxecto a promoción e o consumo responsable da auga, fomentando actitudes que reduzan o impacto ambiental humano sobre as masas de auga da Comunidade Autónoma. Tamén se promoven accións de divulgación e educativas en torno ao uso responsable da auga destinadas ao público escolar.

Sinalar, ademais, que a Administración hidráulica de Galicia ten atribucións respecto do control dos recursos hídricos en períodos de seca hidrolóxica (non ten atribucións en relación coas infraestruturas). O obxectivo principal da súa xestión nestes períodos é adoptar as medidas axeitadas para garantir os usos prioritarios de acordo co establecido na normativa, fundamentalmente o abastecemento á poboación e a minimización dos efectos negativos sobre o medio natural, establecendo medidas, de ser o caso, que protexan a flora e a fauna fluvial.

Galicia conta, para o exercicio das súas competencias, coa súa normativa de planificación hidrolóxica, o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa do ciclo 2015-2021, que foi elaborado por Augas de Galicia, para dar cumprimento á Directiva Marco da Auga e aprobado por Real Decreto 11/2016, do 8 de xaneiro. Este plan constitúe a ferramenta de planificación, xestión e ordenación dos recursos hídricos de Galicia-Costa e define a política a seguir durante estes anos en materia de augas, que ten como obxectivos fundamentais acadar o bo estado das masas de auga e promover o seu uso sostible, e satisfacer axeitadamente as demandas de auga en equilibrio co medio ambiente.

Galicia dispón tamén dun instrumento máis específico que lle permite á Administración, ante un episodio concreto de seca, a identificación, avaliación, seguimento, toma de decisións e posterior adopción de medidas precisas de cara a minimizar os efectos adversos dunha situación de seca. Este instrumento é o Plan de seca da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en data 1 de agosto de 2013.

Este plan recolle as medidas correctoras en relación coa utilización dos recursos hídricos ao obxecto de intensificar o aforro e acadar un aproveitamento aínda máis eficiente da auga ata que os recursos superficiais, subterráneos e as reservas encoradas recuperen os niveis necesarios; así como a fin de asegurar ao máximo os usos da auga para o abastecemento de poboacións e outros usos declarados prioritarios pola normativa.





Os documentos de planificación referidos foron elaborados tendo en conta as circunstancias e condicionantes do momento, con toda a información da que se dispoñía, coa participación de todas as administracións públicas implicadas e coas achegas recibidas durante os distintos procesos de participación pública.

A preocupación polo estudo sobre o impacto ambiental e o cambio climático nos recursos hídricos é xeneralizada e estase a traballar e a analizar desde todos os ámbitos, a nivel europeo, estatal, autonómico e local. A incorporación e adecuación dos instrumentos de planificación aos escenarios futuros deberase realizar de xeito coordinado, segundo as directrices sinaladas na normativa e nos prazos que esta dita.

Desde a Xunta de Galicia trabállase para acadar esta adaptación mediante a revisión da planificación polo procedemento establecido e en coordinación coas demais administracións.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2019 13:24:46
Nº Rexistro: 44655
Data envío: 25/01/2019 13:24:46.759

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/01/2019 13:24:44

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 13:42:35
Nº Rexistro: 44532
Data envío: 24/01/2019 13:42:35.807
Data 24/01/2019 13:42

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35404** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa evolución que presentan os indicadores relacionados co nivel de execución orzamentaria no ano 2017 dos plans e programas destinados á I+D+i, as medidas adoptadas ou que vai levar a cabo a curto prazo para incrementar o esforzo orzamentario e o grao de cumprimento dos compromisos na materia, así como as actuacións previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O esforzo investidor da Xunta para apoiar os axentes do sistema galego de innovación pónse de manifesto na evolución dos orzamentos da Axencia Galega de Innovación (GAIN), que medran desde hai seis anos. Neste eido mencionar que as contas para 2019 aumentan nun 21% respecto ao pasado exercicio, ata chegar aos preto de 97 millóns de euros, co fin de consolidar en Galicia un ecosistema innovador aberto e conectado coa industria.

Este compromiso está a ter resultados como confirman os datos publicados polo Instituto Nacional de Estadística (INE) en decembro, que nos sitúan como a segunda comunidade na que máis creceu o investimento en actividades de investigación e desenvolvemento en 2017, concretamente nun 13,3%, que duplica con creces o avance da media estatal.



Por último, como se ten informado no Parlamento, recordar que o nivel de execución dos fondos propios da Axencia está a ser próximo ao cen por cen nos últimos exercicios. Así mesmo, trabállase para investir os fondos FEDER que xestiona do actual Programa Operativo, cun período de certificación que conclúe en 2023”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 13:42:35
Nº Rexistro: 44532
Data envío: 24/01/2019 13:42:35.807

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2019 13:42:28

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2019 12:39:09
Nº Rexistro: 44384
Data envío: 23/01/2019 12:39:09.656
Data 23/01/2019 12:39

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 33923**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o motivo polo que a Xunta de Galicia decidiu transformar as Casas da Xuventude en Espazos Emprende”**, (publicada no BOPG número 350 do 3 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar cómpre aclarar que os Espazos Emprende non supoñen ningún tipo de transformación das Casas da Xuventude, actuais Espazos Xove.

Os Espazos Emprende son unha das iniciativas incluídas no proxecto ‘Catalizador de oportunidades de emprego e emprendemento xove transfronteirizo’ (acrónimo LIDERA), aprobado ao abeiro do programa Interreg V A España Portugal 2014-2020 (POCTEP), sendo o socio beneficiario principal do mesmo a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Por tanto, os Espazos Emprende son un recurso máis a disposición dos mozos e mozas no ámbito dos Espazos Xove, un recurso que lles pode axudar a impulsar os seus proxectos de inserción sociolaboral e converter deste xeito á xuventude no maior activo para o desenvolvemento local.

Trátase dun espazo máis dentro dos Espazos Xove que a xuventude poderá empregar para a realización de actividades, asesoramento ou accións relativas á empregabilidade ou ao emprendemento (asesoramento aos emprendedores na posta en marcha dos seus proxectos) e á ampliación, mellora e mantemento de iniciativas emprendedoras.



Con esta iniciativa preténdese establecer espazos de encontro, de coñecemento, de información e tamén de formación en habilidades, co obxectivo de fomentar a participación e o emprendemento da mocidade, formar en habilidades transversais, dotar aos mozos/as de ferramentas sinxelas que lles permitan mellorar e seguir avanzando no seu itinerario persoal e profesional, propiciar o liderado da xente moza, e proactivar cara á formación activa.

O Espazo Emprende en ningún caso ocupa a totalidade dos inmobles dos Espazos Xove senón só unha sala, ou dúas con carácter excepcional segundo a demanda dos mozos e mozas. Esta iniciativa en ningún momento substitúe e/ou anula a programación de actividades dos Espazos Xoves nin supón unha modificación do uso destes espazos; e tampouco interfere no funcionamento ordinario nin no desenvolvemento das actividades que se organizan neles.

Trátase, en definitiva, dun recurso máis a disposición dos mozos e mozas dentro do horario e funcionamento normal do Espazo Xove, un espazo no que poderán recibir asesoramento e formación, ben en grupo, ben de xeito individual, nos días e no horario establecido. Un recurso máis de apoio aos proxectos e actividades impulsadas e desenvoltas pola xuventude”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2019 12:39:09
Nº Rexistro: 44384
Data envío: 23/01/2019 12:39:09.656

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/01/2019 12:39:06

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 12:01:08
Nº Rexistro: 44291
Data envío: 22/01/2019 12:01:08.607
Data 22/01/2019 12:01

RS/ms

n relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **33946**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a consideración pola Xunta de Galicia sobre a suficiencia do número de puntos de encontro familiar que hai na nosa comunidade autónoma para levar a cabo visitas tuteladas e supervisadas”**, (publicada no BOPG número 350 do 3 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) son un servizo que facilita e preserva a relación entre os menores e as persoas das súas familias en situacións de crise, que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

En 1999 abre as súas portas o punto de encontro familiar de Vigo con carácter experimental. No ano 2000 créase a Rede de puntos de encontro familiar de Galicia integrada por sete puntos de encontro, todos de titularidade da Xunta de Galicia: tres na provincia da Coruña, dous na provincia de Pontevedra, un na provincia de Lugo e outro na provincia de Ourense; concretamente están situados nas sete cidades: Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

As derivacións que se realizan son atendidas con total axilidade e na actualidade dos 690 casos derivados en toda Galicia só 12 se atopan en lista de agarda e se integrarán nos servizos dos PEF nas vindeiras semanas.



Xacobeo 2021

página 1 de 2



Con todo, actualmente se está estudando a posibilidade de ampliar a rede co fin de estendela no territorio e así dar cobertura a poboacións importantes cuxos habitantes teñan que desprazarse para o cumprimento do réxime de visitas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 12:01:08
Nº Rexistro: 44291
Data envío: 22/01/2019 12:01:08.607

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 12:01:05

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **35728**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a consideración por parte da Xunta de Galicia da posibilidade de dotar de recursos suficientes o punto de encontro familiar de Vigo co fin de permitir o seu funcionamento ao longo de todo o ano**”, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia iniciou no ano 2011 un proceso de revisión das instalacións dos PEF. A súa finalidade era situar a todos os PEF en locais públicos debidamente acondicionados co fin de establecer unha rede cos mesmos servizos, unificando as características dos centros.

Actualmente todos os PEF están situados en locais públicos que cumpren cos requisitos esixidos pola normativa vixente.

O investimento realizado nos PEF en obras e acondicionamento dos locais ascende a un total de 685.688,54 euros, desagregados por centro da seguinte forma:

PEF	Obra	Equipamento	Investimento total
A Coruña	224.155,96	16.568,09	240.724,05
Ferrol	47.306,00		47.306,00
Santiago	48.756,22	10.235,79	58.992,01
Lugo	29.757,13	10.205,71	39.962,84
Ourense	38.740,57	13.929,34	52.669,91
Pontevedra	41.682,75	11.951,29	53.634,04
Vigo	174.553,69	17.846,00	192.399,69
TOTAL	604.952,32	80.736,22	685.688,54



A Xunta de Galicia iniciou no ano 2000 o servizo de puntos de encontro cun orzamento de 151.635 euros. Este orzamento foise incrementando anualmente ata chegar no ano 2018 a 706.400 euros para o funcionamento deste recurso.

A cantidade destinada ao mantemento da Rede de PEF no ano 2017 e 2018 desagregase do seguinte xeito:

PEF	2017	2018
A Coruña	82.400,00	82.262,22
Ferrol	93.000,00	97.843,35
Santiago	76.570,24	101.848,43
Lugo	64.800,00	85.787,50
Ourense	89.640,00	99.255,85
Pontevedra	113.480,76	93.979,39
Vigo	137.499,96	145.423,66
TOTAL	657.390,96	706.400,40

Respecto dos horarios nos que os PEF desenvolven a súa tarefa son diversos e establécense en función do volume de persoas usuarias, polo que o seu horario de atención ao público é variable ao longo da semana, abranguendo o horario máis amplo na fin de semana, días nos que se producen un maior número de visitas e intercambios de menores.

A este respecto, o artigo 18 do Decreto 96/2014 dispón que os PEF funcionarán os 12 meses do ano, durante un mínimo de 8 horas diarias, en xornada partida ou continuada, e como mínimo 4 días á semana, que deberán incluír necesariamente o venres, sábado e domingo, agás os días 25 de decembro e 1 de xaneiro.

Esta mesma norma establece que os PEF poden pechar 15 días durante o mes de agosto logo de reorganizar as intervencións previstas para ese período e obter a autorización da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Así se esta realizando nos distintos PEF que logo da reorganización de visitas e co acordo das partes para que ningún usuario resulte prexudicado, solicitan a autorización para a organización do peche anual.



Por último sinalar que no PEF de Vigo, por ser dos de máis alta actividade ao igual que os de Santiago e Coruña, ampliouse o persoal esixido para a prestación do servizo, pasando de 3 a 4 profesionais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 44336
Data envío: 22/01/2019 15:09:46.787

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 15:09:43

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2019 12:38:52
Nº Rexistro: 44382
Data envío: 23/01/2019 12:38:52.625
Data 23/01/2019 12:38

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **36865**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora na posta en funcionamento do centro público de día de Miño e da inexistencia, na comarca das Mariñas, do equipamento básico de centros de día e xeriátricos de carácter público, así como as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 363 do 27 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia dispón na actualidade de catro centros de día xestionados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Consellería de Política Social na área das Mariñas (Arteixo, Culleredo, Oleiros e Sada, cunha oferta de 40, 60, 80 e 40 prazas, respectivamente), aos que se suman as residencias para maiores de Arteixo (Consorcio), que oferta 64 prazas, e o gran centro residencial de Oleiros (Xunta), que oferta 284 prazas.

Polo tanto, non é certa, a afirmación da ‘inexistencia de centros de día e xeriátricos de carácter público nas Mariñas’, porque ademais, aos recursos para maiores xa referidos, hai que sumarlles outros de titularidade municipal -é dicir, igualmente públicos-, como o centro municipal da terceira idade de Abegondo ou o Fogar do Maior de Paderne. A Xunta de Galicia subvenciona tamén, a través da Dirección Xeral de Maires do departamento de Política Social, decenas de prazas en centros de día e residencias, tanto privadas, como de iniciativa social, na área das Mariñas.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



Nembargantes, para mellorar esa oferta para os nosos maiores na área referida, a Consellería de Política Social da Xunta ten planificada a incorporación á rede de centros que xestiona o Consorcio dun novo centro de día no municipio de Miño -nun edificio habilitado para tal fin polo Concello-, que terá unha capacidade máxima de 30 prazas, para ir aumentando de xeito progresivo ese número, sempre en función da demanda de usuarios que se rexistre na zona.

De feito, o Concello de Miño aprobou moi recentemente (o 28 de novembro de 2018) o convenio de colaboración co Consorcio necesario para esa apertura e a Xunta prevé a posta en funcionamento do centro nos primeiros meses deste ano 2019, para o que xa existe unha partida orzamentaria consignada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2019 12:38:52
Nº Rexistro: 44382
Data envío: 23/01/2019 12:38:52.625

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/01/2019 12:38:49

CSV: BOPGDSPG-Y65plFOar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 44331
Data envío: 22/01/2019 15:09:09.694
Data 22/01/2019 15:09

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **38394**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas á construción e posta en marcha, en colaboración co Concello, dun centro de día en Ribadavia, o investimento que vai realizar para a execución das obras o máis axiña posible e o estudo da posibilidade de adaptar o centro sociocomunitario para ese fin, mantendo os servizos que se están a prestar nel”**, (publicada no BOPG número 371 do 16 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social da Xunta de Galicia conta cunha ampla rede de centros socio-comunitarios distribuídos ao longo da xeografía galega, dos que 11 están situados en localidades da provincia de Ourense.

Todos eses centros teñen carácter comarcal e os seus obxectivos primordiais son prever a dependencia dos maiores, fomentar a súa autonomía persoal, combater o illamento, potenciar as relacións sociais entre persoas dunha mesma comarca e atrasar todo o posible o deterioro físico e cognitivo.

O edificio no que se asenta o centro socio-comunitario de Ribadavia, ao que acoden a diario numerosos usuarios de toda a comarca do Ribeiro (con picos mensuais de ata 200 persoas), presenta características arquitectónicas complexas desde o punto de vista das limitacións de espazo, acceso de vehículos, acceso de persoas dependentes -que son os usuarios da rede autonómica de centros de día-..., aínda que si cumpre a normativa vixente en materia de centros socio-comunitarios.



Pola súa banda, a normativa que regula os centros de día (Orde de 25 de xuño de 2008, que establece os requisitos específicos para ese tipo de servizos), contempla outras esixencias como son que os inmobles que os acollan estean situados en espazos de uso exclusivo, que contén con entrada independente desde un espazo público, que dispoñan dun despacho de dirección, un despacho de acoplamento persoal, unha sala de curas, unha sala polivalente, unha sala de atención controlada, unha sala de rehabilitación, así como outras dependencias, que evidentemente non se poden habilitar coa superficie da que dispón na actualidade o edificio do actual centro socio-comunitario de Ribadavia.

Por todo o dito, resulta inviable a instalación dun centro destas características no mesmo edificio no que neste momento se encontra funcionando o centro socio-comunitario de Ribadavia e, menos aínda, compatibilizando os dous, que son servizos diferentes, as súas actividades diarias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 44331
Data envío: 22/01/2019 15:09:09.694

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 15:09:06

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 41118**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para pechar a Residencia Valle Inclán para persoas maiores no concello de Vilanova de Arousa, as alternativas que lles vai ofrecer ás persoas usuarias e as actuacións previstas para evitar a perda dos actuais postos de traballo”**, (publicada no BOPG número 394 do 5 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información proporcionouna o persoal inspector como resultado de diversas visitas de inspección realizadas á residencia unha vez que se recadaron datos suficientes e co rigor necesario como para facer presumir irregularidades na titularidade e xestión do centro. Todas as persoas usuarias da Residencia Valle Inclán ocupan prazas privadas. Non obstante, esta consellería está a colaborar, dentro do marco legal vixente, para que os usuarios da residencia que solicitaran e tiveran dereito a un recurso público, poidan ter acceso ao mesmo. A aqueles que cumprían os requisitos legalmente establecidos, xa se lles adxudicou praza pública a través do Programa de Asignación de Recursos.

Das prazas indicadas nas comunicacións enviadas aos familiares, -que non ofertadas ao tratarse de prazas privadas- había prazas na provincia de Pontevedra para máis de dous terzos do número de usuarios da residencia. Ao tratarse dun centro privado a Consellería de Política Social non ten competencias respecto á contratación do seu persoal”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2019 13:25:22
Nº Rexistro: 44659
Data envío: 25/01/2019 13:25:22.103

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/01/2019 13:25:19

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 41164**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Veroa e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o contido da circular remitida pola Consellería de Política Social aos centros dependentes dela en relación coa participación do persoal nos actos previstos co gallo da celebración o día 25 de novembro do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller”**, (publicada no BOPG número 398 do 14 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social, a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que xestiona un total de 70 centros de día, residencias e vivendas comunitarias na comunidade autónoma, enviou nos días previos á celebración do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller unha comunicación interna á dirección de todos os centros da súa rede para a coordinación con elas dos actos co gallo desa data.

O obxectivo dese correo electrónico era puramente organizativo, lembrándolles unicamente cal era a campaña institucional da Xunta de Galicia (organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade en coordinación con outros departamentos da Administración galega) xa que, como sucede todos os anos, estaban previstas unha serie de actividades cun mínimo común denominador para todos os centros que, como os dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, son de titularidade autonómica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 44328
Data envío: 22/01/2019 15:08:31.757

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 15:08:16

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 41422**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a carta remitida pola Consellería de Política Social aos centros dependentes dela en relación coas actividades relacionadas coa celebración, o día 25 de novembro, do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller”**, (publicada no BOPG número 398 do 14 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social, a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que xestiona un total de 70 centros de día, residencias e vivendas comunitarias na comunidade autónoma, enviou nos días previos á celebración do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller unha comunicación interna á dirección de todos os centros da súa rede para a coordinación con elas dos actos co gallo desa data.

O obxectivo dese correo electrónico era puramente organizativo, lembrándolles unicamente cal era a campaña institucional da Xunta de Galicia (organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade en coordinación con outros departamentos da Administración galega) xa que, como sucede todos os anos, estaban previstas unha serie de actividades cun mínimo común denominador para todos os centros que, como os dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, son de titularidade autonómica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 44327
Data envío: 22/01/2019 15:08:05.179

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 15:07:41

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 13:43:02
Nº Rexistro: 44534

Data envío: 24/01/2019 13:43:02.635

Data 24/01/2019 13:42

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 34440** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Ángeles Antón Vilasánchez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego do proxecto Smartiago de Santiago de Compostela, sobre compra pública innovadora”**, (publicada no BOPG número 350 do 3 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Como se ten informado no Parlamento, Galicia ten un papel pioneiro no eido da Compra Pública Innovadora (CPI) cuxos procedementos abriron un novo marco de relación entre a administración e os axentes do sistema de innovación, amosando a capacidade da nosa comunidade para aglutinar esforzos co obxectivo de mellorar os servizos públicos que se lle ofrecen á cidadanía. De feito, segundo a Fundación Cotec, o 40% do investimento en proxectos deste tipo en España no período 2007-2013 leváronse a cabo en Galicia.

Polo que respecta ao actual período financeiro comunitario, 2014-2020, mencionar o lanzamento do programa Innpulsa CPI Galicia por parte da Administración galega do que saíron proxectos como o Código 100, o polo tecnolóxico e industrial de Rozas (Civil UAVs Initiative), o deseño dun sistema antinéboa para a autovía A-8 ou de cidade intelixente en Santiago de Compostela (Smartiago).



Estes proxectos fináncianse nun 80% con fondos do FEDER da Administración do Estado pertencentes ao Programa Operativo de Crecemento Intelixente e o 20% restante debe achegalos a administración pública responsable do proxecto. Neste contexto, a Xunta materializa o seu compromiso co impulso da compra pública innovadora achegando un 10% do cofinanciamento dos proxectos galegos que conseguen asinar un convenio co Ministerio competente na materia, a través de Axencia Galega de Innovación (GAIN).

Unha colaboración da administración autonómica que está sometida ao establecido no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, pola que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, sendo imprescindible que os concellos promotores dos proxectos cumpran cos requisitos para a concesión”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 13:43:02
Nº Rexistro: 44534
Data envío: 24/01/2019 13:43:02.635

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2019 13:42:59

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 13:41:50
Nº Rexistro: 44527
Data envío: 24/01/2019 13:41:50.854
Data 24/01/2019 13:41

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40274** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **“as medidas que vai adoptar o Goberno galego para apoiar o proxecto de modernización e desenvolvemento do Estaleiro 4.0 na Ría de Ferrol, así como no ámbito formativo da FP e da investigación para o sector naval ferrolán, e as súas intencións respecto do desenvolvemento dun plan integral de apoio á súa industria auxiliar”**, (publicada no BOPG número 387 do 22 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O naval galego é un referente a nivel estatal. De feito, Galicia contabiliza o 42% dos contratos en carteira que actualmente rexistran os estaleiros de toda España, o que se traduce en 750 millóns de euros de investimento e 4,2 millóns de horas de traballo, sendo estas as maiores cifras de actividade nos últimos anos grazas ao intenso labor realizado por esta industria co apoio da Xunta para que a calidade, a experiencia e a innovación tecnolóxica sexan as súas fortalezas competitivas.

Como se ten informado no Parlamento, a Administración autonómica conta cun conxunto de programas específicos de impulso da Industria 4.0 en Galicia, que prestan atención aos sectores prioritarios para a economía e o emprego na comunidade, entre os que se atopa o naval. Neste contexto, encádranse as dúas unidades mixtas de investigación nas que participa Navantia, unha de cara a consolidar o proxecto iniciado en 2015 xunto á Universidade da Coruña para o desenvolvemento de novas técnicas e tecnoloxías que



permitan incrementar a competitividade do estaleiro na Ría de Ferrol, así como a mellora dos procesos produtivos existentes e a definición doutros novos, baixo o nome 'O Estaleiro do Futuro'; e outra para abordar un novo proxecto en colaboración co centro tecnolóxico AIMEN, co reto de desenvolver novos materiais e estruturas automatizadas para fabricación avanzada.

Ademais, débese salientar o traballo conxunto e o apoio prestado ao Clúster do Naval Galego nas accións de modernización desta industria, que benefician particularmente as empresas auxiliares, na medida que resultan indispensable para que o estaleiro galego avance de xeito sólido na mellora da súa competitividade. O mesmo ocorre co plan de formación específico posto en marcha pola Xunta para facer do capital humano un activo que permita ao sector seguir crescendo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 13:41:50
Nº Rexistro: 44527
Data envío: 24/01/2019 13:41:50.854

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2019 13:41:42

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 33952** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns polas que a Xunta de Galicia non realiza una publicación semanal das cifras oficiais dos niños de velutina retirados e dos que foron desactivados polas agrupacións locais de Protección Civil, polos apicultores e polos bombeiros”**, (publicada no BOPG número 350 do 3 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“No ano 2018 a Xunta de Galicia eliminou ou neutralizou un total de 24.298 niños. Por parte da Consellería do Medio Rural só no 2018 repartíronse 2.467 trampas e 5.404 botes de líquido atraente de 500 ml e 40.782 monodoses de atraente. Este material repartiuse aos apicultores a través das Oficinas Agrarias Comarcais. Repartíronse trampas e/ou líquido atraente á totalidade dos apicultores de todos os concellos nos que se detectaran niños na temporada anterior. Este reparto fíxose seguindo as recomendacións da estratexia nacional de erradicación e control da vespa velutina, que vai en función do número de colmeas.

A Consellería do Medio Rural apoia ao sector apícola a través dunha orde de axudas específica que ten como obxectivo mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura. Entre as liñas que se subvencionan están a loita contra as agresións e enfermidades da colmea. Este ano a contía para ditas achegas elévase aos



600.000 euros.

Tamén se apoia economicamente a actividade da Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia, habilitando axudas para explotacións agrarias (onde están incluídas as apícolas) e entregando gratuitamente trampas aos apicultores.

O Plan de vixilancia e control da vespa velutina comezou no 2016 co obxectivo de optimizar recursos e actuar máis rapidamente en caso de alerta dun niño. A Consellería do Medio Rural xa desde o ano 2014 comezou a traballar da man dos apicultores para protexer as súas colmeas.

Dende o 2015 realízanse cursos de formación para todo o persoal interviniente no operativo (protección civil, GES, bombeiros, persoal municipal, servizos veterinarios oficiais e de explotacións agrarias, dos servizos e distritos forestais da Consellería do Medio Rural e persoal dos distritos ambientais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda). Así mesmo, a Xunta de Galicia realiza unha ampla campaña de información entre a cidadanía mediante folletos e carteis informativos que foron enviados a todos os Centros de Atención Primaria, a todas as Oficinas Comarcais de Medio Rural, Distritos Forestais e de Medio Ambiente, unidades de Emerxencias e a todas as asociacións apícolas. Ademais, a Consellería do Medio Rural distribuíu, en encartes realizados na prensa escrita das zonas afectadas, máis folletos destinados a informar á poboación.

En canto á investigación sobre esta especie, a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, participa como socio do proxecto europeo INTERREG SUDOE 'POSITIVE'.

Este proxecto cunha duración de tres anos (2018-2021) e no que participan, como socios do partenariado, as Universidades de Santiago de Compostela e Vigo así como o Instituto Vasco de Investigación e Desenvolvemento Agrario-NEIKER, o Instituto Nacional de Investigación Agraria e Veterinaria, IP (Portugal), a Universidade de Trás-os-montes e Alto Douro (Portugal) e o Institut National de la Recherche Agronomique (Francia) ten por obxectivo contribuír á preservación dos servizos de polinización a través de desenvolvemento de métodos conxuntos para o control de *Vespa velutina*.

O aspecto chave é o seu enfoque transnacional, fundamental para o control efectivo





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 44152
Data envío: 21/01/2019 09:19:37.544

desta especie, xa que facilita a análise e a integración da información en todo o espazo SUDOE, asegurando o desenvolvemento de ferramentas adecuadas.

Ademais, púxose en marcha un proxecto de investigación, no que participan as Universidades de Santiago e Vigo, que permitirá coñecer novos métodos para o control e a redución dos efectos da vespa velutina na biodiversidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 3 de 3



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 44152
Data envío: 21/01/2019 09:19:37.544

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/01/2019 9:19:34

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 36802** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don Raúl Fernández Fernández, sobre **“as medidas a adoptar pola Xunta de Galicia en relación a erradicación da vespa velutina en Galicia”**, (publicada no BOPG número 359 do 20 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“No ano 2018 a Xunta de Galicia eliminou ou neutralizou un total de 24.298 niños. Por parte da Consellería do Medio Rural só no 2018 repartíronse 2.467 trampas e 5.404 botes de líquido atraente de 500 ml e 40.782 monodoses de atraente. Este material repartiuse aos apicultores a través das Oficinas Agrarias Comarcais. Repartíronse trampas e/ou líquido atraente á totalidade dos apicultores de todos os concellos nos que se detectaran niños na temporada anterior. Este reparto fíxose seguindo as recomendacións da estratexia nacional de erradicación e control da vespa velutina, que vai en función do número de colmeas.

A Consellería do Medio Rural apoia ao sector apícola a través dunha orde de axudas específica que ten como obxectivo mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura. Entre as liñas que se subvencionan están a loita contra as agresións e enfermidades da colmea. Este ano a contía para ditas achegas elévase aos 600.000 euros.

Tamén se apoia economicamente a actividade da Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia, habilitando axudas para explotacións agrarias (onde están incluídas as



apícolas) e entregando gratuitamente trampas aos apicultores.

O Plan de vixilancia e control da vespa velutina comezou no 2016 co obxectivo de optimizar recursos e actuar máis rapidamente en caso de alerta dun niño. A Consellería do Medio Rural xa desde o ano 2014 comezou a traballar da man dos apicultores para protexer as súas colmeas.

Dende o 2015 realízanse cursos de formación para todo o persoal interviniente no operativo (protección civil, GES, bombeiros, persoal municipal, servizos veterinarios oficiais e de explotacións agrarias, dos servizos e distritos forestais da Consellería do Medio Rural e persoal dos distritos ambientais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda). Así mesmo, a Xunta de Galicia realiza unha ampla campaña de información entre a cidadanía mediante folletos e carteis informativos que foron enviados a todos os Centros de Atención Primaria, a todas as Oficinas Comarcais de Medio Rural, Distritos Forestais e de Medio Ambiente, unidades de Emerxencias e a todas as asociacións apícolas. Ademais, a Consellería do Medio Rural distribuíu, en encartes realizados na prensa escrita das zonas afectadas, máis folletos destinados a informar á poboación.

En canto á investigación sobre esta especie, a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, participa como socio do proxecto europeo INTERREG SUDOE 'POSITIVE'.

Este proxecto cunha duración de tres anos (2018-2021) e no que participan, como socios do partenariado, as Universidades de Santiago de Compostela e Vigo así como o Instituto Vasco de Investigación e Desenvolvemento Agrario-NEIKER, o Instituto Nacional de Investigación Agraria e Veterinaria, IP (Portugal), a Universidade de Trás-os-montes e Alto Douro (Portugal) e o Institut National de la Recherche Agronomique (Francia) ten por obxectivo contribuír á preservación dos servizos de polinización a través de desenvolvemento de métodos conxuntos para o control de *Vespa velutina*.

O aspecto chave é o seu enfoque transnacional, fundamental para o control efectivo desta especie, xa que facilita a análise e a integración da información en todo o espazo SUDOE, asegurando o desenvolvemento de ferramentas adecuadas.





Ademais, púxose en marcha un proxecto de investigación, no que participan as Universidades de Santiago e Vigo, que permitirá coñecer novos métodos para o control e a redución dos efectos da vespa velutina na biodiversidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 44156
Data envío: 21/01/2019 09:20:36.794

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/01/2019 9:20:29

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 37485** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don Raúl Fernández Fernández, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para evitar os riscos que presentan para as persoas as arpas de elaboración caseira que están a utilizar os apicultores como sistema de loita contra a vespa "velutina", así como os datos ao respecto”**, (publicada no BOPG número 365 do 3 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“No ano 2018 a Xunta de Galicia eliminou ou neutralizou un total de 24.298 niños. Por parte da Consellería do Medio Rural só no 2018 repartíronse 2.467 trampas e 5.404 botes de líquido atraente de 500 ml e 40.782 monodoses de atraente. Este material repartiuse aos apicultores a través das Oficinas Agrarias Comarcais. Repartíronse trampas e/ou líquido atraente á totalidade dos apicultores de todos os concellos nos que se detectaran niños na temporada anterior. Este reparto fíxose seguindo as recomendacións da estratexia nacional de erradicación e control da vespa velutina, que vai en función do número de colmeas.

A Consellería do Medio Rural apoia ao sector apícola a través dunha orde de axudas específica que ten como obxectivo mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura. Entre as liñas que se subvencionan están a loita contra as



agresións e enfermidades da colmea. Este ano a contía para ditas achegas elévase aos 600.000 euros.

Tamén se apoia economicamente a actividade da Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia, habilitando axudas para explotacións agrarias (onde están incluídas as apícolas) e entregando gratuitamente trampas aos apicultores.

O Plan de vixilancia e control da vespa velutina comezou no 2016 co obxectivo de optimizar recursos e actuar máis rapidamente en caso de alerta dun niño. A Consellería do Medio Rural xa desde o ano 2014 comezou a traballar da man dos apicultores para protexer as súas colmeas.

Dende o 2015 realízanse cursos de formación para todo o persoal interviniente no operativo (protección civil, GES, bombeiros, persoal municipal, servizos veterinarios oficiais e de explotacións agrarias, dos servizos e distritos forestais da Consellería do Medio Rural e persoal dos distritos ambientais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda). Así mesmo, a Xunta de Galicia realiza unha ampla campaña de información entre a cidadanía mediante folletos e carteis informativos que foron enviados a todos os Centros de Atención Primaria, a todas as Oficinas Comarcais de Medio Rural, Distritos Forestais e de Medio Ambiente, unidades de Emerxencias e a todas as asociacións apícolas. Ademais, a Consellería do Medio Rural distribuíu, en encartes realizados na prensa escrita das zonas afectadas, máis folletos destinados a informar á poboación.

En canto á investigación sobre esta especie, a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, participa como socio do proxecto europeo INTERREG SUDOE 'POSITIVE'.

Este proxecto cunha duración de tres anos (2018-2021) e no que participan, como socios do partenariado, as Universidades de Santiago de Compostela e Vigo así como o Instituto Vasco de Investigación e Desenvolvemento Agrario-NEIKER, o Instituto Nacional de Investigación Agraria e Veterinaria, IP (Portugal), a Universidade de Trás-os-montes e Alto Douro (Portugal) e o Institut National de la Recherche Agronomique (Francia) ten por obxectivo contribuír á preservación dos servizos de polinización a través de desenvolvemento de métodos conxuntos para o control de *Vespa velutina*.





O aspecto chave é o seu enfoque transnacional, fundamental para o control efectivo desta especie, xa que facilita a análise e a integración da información en todo o espazo SUDOE, asegurando o desenvolvemento de ferramentas adecuadas.

Ademais, púxose en marcha un proxecto de investigación, no que participan as Universidades de Santiago e Vigo, que permitirá coñecer novos métodos para o control e a redución dos efectos da vespa velutina na biodiversidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 44146
Data envío: 21/01/2019 09:18:22.919

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/01/2019 9:18:19

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 37582** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e don Davide Rodríguez Estévez, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas á incidencia que vai ter a avésa velutina en Galicia durante os meses de outono, a avaliación que fai dos efectos do trampeo e os métodos de loita explorados, así como os resultados obtidos con cada un deles e as súas intencións respecto do incremento dos medios materiais e económicos dos investigadores”**, (publicada no BOPG número 365 do 3 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“No ano 2018 a Xunta de Galicia eliminou ou neutralizou un total de 24.298 niños. Por parte da Consellería do Medio Rural só no 2018 repartíronse 2.467 trampas e 5.404 botes de líquido atraente de 500 ml e 40.782 monodoses de atraente. Este material repartíuse aos apicultores a través das Oficinas Agrarias Comarcais. Repartíronse trampas e/ou líquido atraente á totalidade dos apicultores de todos os concellos nos que se detectaran niños na temporada anterior. Este reparto fíxose seguindo as recomendacións da estratexia nacional de erradicación e control da vespa velutina, que vai en función do número de colmeas.

A Consellería do Medio Rural apoia ao sector apícola a través dunha orde de axudas específica que ten como obxectivo mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura. Entre as liñas que se subvencionan están a loita contra as agresións e enfermidades da colmea. Este ano a contía para ditas achegas elévase aos



600.000 euros.

Tamén se apoia economicamente a actividade da Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia, habilitando axudas para explotacións agrarias (onde están incluídas as apícolas) e entregando gratuitamente trampas aos apicultores.

O Plan de vixilancia e control da vespa velutina comezou no 2016 co obxectivo de optimizar recursos e actuar máis rapidamente en caso de alerta dun niño. A Consellería do Medio Rural xa desde o ano 2014 comezou a traballar da man dos apicultores para protexer as súas colmeas.

Dende o 2015 realízanse cursos de formación para todo o persoal interviniente no operativo (protección civil, GES, bombeiros, persoal municipal, servizos veterinarios oficiais e de explotacións agrarias, dos servizos e distritos forestais da Consellería do Medio Rural e persoal dos distritos ambientais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda). Así mesmo, a Xunta de Galicia realiza unha ampla campaña de información entre a cidadanía mediante folletos e carteis informativos que foron enviados a todos os Centros de Atención Primaria, a todas as Oficinas Comarcais de Medio Rural, Distritos Forestais e de Medio Ambiente, unidades de Emerxencias e a todas as asociacións apícolas. Ademais, a Consellería do Medio Rural distribuíu, en encartes realizados na prensa escrita das zonas afectadas, máis folletos destinados a informar á poboación.

En canto á investigación sobre esta especie, a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, participa como socio do proxecto europeo INTERREG SUDOE 'POSITIVE'.

Este proxecto cunha duración de tres anos (2018-2021) e no que participan, como socios do partenariado, as Universidades de Santiago de Compostela e Vigo así como o Instituto Vasco de Investigación e Desenvolvemento Agrario-NEIKER, o Instituto Nacional de Investigación Agraria e Veterinaria, IP (Portugal), a Universidade de Trás-os-montes e Alto Douro (Portugal) e o Institut National de la Recherche Agronomique (Francia) ten por obxectivo contribuír á preservación dos servizos de polinización a través de desenvolvemento de métodos conxuntos para o control de *Vespa velutina*.

O aspecto chave é o seu enfoque transnacional, fundamental para o control efectivo





desta especie, xa que facilita a análise e a integración da información en todo o espazo SUDOE, asegurando o desenvolvemento de ferramentas adecuadas.

Ademais, púxose en marcha un proxecto de investigación, no que participan as Universidades de Santiago e Vigo, que permitirá coñecer novos métodos para o control e a redución dos efectos da vespa velutina na biodiversidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 44144
Data envío: 21/01/2019 09:17:51.903

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/01/2019 9:17:45

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 38152** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Rivas Cruz, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da inexistencia en Galicia dunha escola de pastores de ovino e cabrún que regule a formación e capacite aos gandeiros para o desenvolvemento dese tipo de actividades, así como as do Servizo de Explotacións Gandeiras para non ofertar nas convocatorias de 2017 e 2018, tódolos módulos obrigatorios no formato de teleformación, esixidos na Orde de axudas do segundo piar da PAC, destinada ás zonas con limitacións naturais”**, (publicada no BOPG número 368 do 10 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Na Comisión 7^a celebrada o pasado día 21 de decembro de 2018 aprobouse unha proposición non de lei cuxo acordo establece ‘*O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a estudar a posibilidade de crear unha escola de capacitación de pastores de ovino e cabrún no ano 2019, como se fai noutras comunidades autónomas como Extremadura, Aragón ou Valencia, que regule a formación para o futuro desenvolvemento das actividades dos nosos gandeiros/as de ovino e cabrún coa implicación do sector aproveitando as redes de centros de formación e investigación da Axencia Galega de Calidade Alimentaria*’. En aras a dar cumprimento a este acordo, a Consellería do Medio Rural e de Educación está a estudar a creación dunha escola de capacitación de pastores de ovino e cabrún.

O Curso de Investimento de Explotacións Agrarias é un curso que está conformado por



8 módulos formativos cunha duración total de 250 horas de formación. Dentro deste curso podemos atopar 10 orientacións produtivas que abranguen as especialidades de: explotación vacún de leite, gandería extensiva, cultivos extensivos, cultivos intensivos, fruticultura, vitivinicultura, gandería sen terra, apicultura, aproveitamentos forestais e diversificación de rendas.

A día de hoxe os alumnos que queiran realizar dita formación teñen dispoñible a formación presencial ou de carácter semipresencial (a parte teórica dos módulos realízase a través da plataforma de teleformación e complementábase cunha práctica de carácter presencial así coma un exame presencial). O prazo de 36 meses para acreditar a formación ven establecido no artigo 2.3 do Regulamento Delegado (UE) nº 807/2014 da Comisión do 11 de marzo de 2014 que completa o Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias.

Por outra banda, a capacitación profesional pódese acreditar:

1. Coa documentación xustificativa de ter obtido o título de capataz agrícola, de técnico/a ou técnico/a superior en ciclos formativos da familia profesional de actividades agrarias ou outra titulación superior na rama agraria.
2. Con cinco anos de exercicio da actividade agraria, que deberá acreditarse, con carácter xeral, cun informe de vida laboral da Seguridade Social ou, de ser o caso, conforme o seguinte:

a) No caso de que unha parte ou a totalidade do exercicio da actividade agraria se levase a cabo como man de obra familiar, será precisa unha declaración da persoa titular da explotación onde realizou tal actividade na cal se especifique o tempo traballado na explotación e as tarefas desenvolvidas.

b) Os anos en que non se exercese a actividade agraria, ata acadar os cinco anos requiridos, poderán substituírse pola asistencia a cursos ou seminarios de formación agroforestal cunha duración de 50 horas lectivas por cada ano, os cales





estarán previamente homologados pola consellería con competencia en materia agraria ou consellería correspondente, de acordo co Decreto 247/2000, do 29 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de capacitación agraria.

3. Cun certificado de aproveitamento de cursos relacionados coa incorporación da persoa moza, cunha duración mínima de 250 horas lectivas, establecidos pola consellería con competencia en materia agraria, de acordo co Decreto 247/2000, do 29 de setembro.

4. Mediante certificación de aproveitamento de cursos relacionados coa incorporación da persoa moza, cunha duración mínima de 250 horas lectivas, desenvolvidos por outras entidades competentes en ensinanzas agrarias, sempre que estean previamente homologados pola consellería con competencia en materia agraria ou consellería correspondente, de acordo co Decreto 247/2000, do 29 de setembro.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 11:57:14
Nº Rexistro: 44267
Data envío: 22/01/2019 11:57:14.404

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 11:57:11

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 34155**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Julia Torregrosa Sañudo e dona Paula Quinteiro Araújo, sobre **“a previsión polo Goberno galego para iniciar algunha campaña para dar información completa sobre a situación e métodos para eliminar o parasito anisakis”**, (publicada no BOPG número 350 do 3 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Ao longo deste verán produciuse unha ampla presenza mediática do eido do consumo de peixe logo de que as autoridades sanitarias decidisen aumentar a cinco días a recomendación para conxelar o pescado antes de consumilo, para diminuír o risco de infectarse co parasito do anisakis, tras detectarse supostos casos de contaxio en peixe que fora conxelado previamente.

Dende o primeiro momento, tanto sector coma Administración consideraron excesiva esta alarma xerada, chegando a sinalar que se trata dunha campaña orquestrada e interesada que busca a baixada no consumo de peixe fresco de lonxa.

Armadores, mariñeiros, comercializadores, praceiros... trataron de neutralizar coas ferramentas que teñen ao seu alcance a baixada das cotizacións do pescado, que afectan especialmente á pescada, xunto ao descenso no consumo.

En resposta á pregunta formulada nesta iniciativa, en efecto a Xunta non quedou de mans cruzadas e puxo en marcha en pleno mes de agosto unha campaña de promoción do consumo da pescada, unha das especies máis afectadas polo anisakis.



Ademais, durante o mes de agosto foi presentada ante os membros do Consello Galego de Pesca, contando así coa súa aprobación, unha campaña informativa para difundir nos medios de comunicación e a través das redes sociais.

Esta acción consistiu nun vídeo informativo no que se explica detalladamente o xeito de acabar con este parasito, e no que incide en cociñar o peixe de igual xeito que se fixo dende sempre. Amais, estiveronse a inserir nos medios as recomendacións a través de anuncios, co que o espallamento da mensaxe se ten ampliado”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 44151
Data envío: 21/01/2019 09:19:30.294

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/01/2019 9:19:27

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 12:00:35
Nº Rexistro: 44287
Data envío: 22/01/2019 12:00:35.435
Data 22/01/2019 12:00

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35256**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego diante do Goberno central para evitar a prohibición do mergullo en apnea para a extracción do longueirón, así como as medidas levadas a cabo pola Consellería do Mar para solucionar os problemas que veñen padecendo as persoas dedicadas a esa actividade coa aplicación dos actuais plans de seguridade”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Trátase dun borrador de Real Decreto do Ministerio de Fomento que determina as condicións de seguridade nas actividades de mergullo. Está en fase de exposición pública e de consulta co sector, polo que non hai nada definitivo a día de hoxe.

Non debemos esquecer que é un borrador de normativa que o Goberno central está debatendo cos representantes do sector de Galicia, e xa tiveron lugar diferentes reunións.

A Consellería do Mar informa que xa estudamos este borrador de normativa e seguimos analizándoo de xeito que estaremos vixiantes neste proceso para a defensa dos intereses da nosa frota.

De feito, a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro xa se ten reunido con representantes da Federación Galega de Confrarías de Pescadores para analizar o tema.

É certo que o Real Decreto 1377/1997 transferiu á comunidade autónoma de Galicia diversas funcións en materia do mergullo como son as de autorización e apertura de centros de ensinanzas de buceo profesional, a realización e control dos exames para a



Xacobeo 2021

página 1 de 2



obtención do mergullo profesional, a expedición dos títulos e tarxetas de identidade profesional que habiliten para o exercicio do mergullo.

Pero o tema da seguridade no tema do mergullo é unha competencia exclusiva do Estado, o cal é lóxico, ao efecto de establecer unha normativa común e única para todo o territorio do Estado español, tendo en conta que se trata dunha materia moi sensible.

Neste sentido, por parte da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro fixéronse diversas alegacións ao proxecto de Real Decreto no senso de preservar a actividade extractiva realizada por moitos traballadores do sector mediante a técnica da apnea e superar a regulación prohibitiva recollida no proxecto.

De igual forma fixéronse emendas en materia de seguridade co fin de mellorar os mecanismos regulados no proxecto de Real Decreto e así dotar o mergullo en apnea de unhas máis e mellores condicións de seguridade co fin de garantir o mantemento da actividade e a vez preservar a saúde dos recolectores”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 12:00:35
Nº Rexistro: 44287
Data envío: 22/01/2019 12:00:35.435

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 12:00:31

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 35266, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “a valoración do Goberno galego en relación co novo acordo pesqueiro asinado entre o Estado español e o Goberno portugués, as xestións levadas a cabo para defender os intereses e dereitos da frota galega, así como a avaliación das súas repercusións para o sector en Galicia e as demandas que vai realizar ao Goberno central ao respecto”, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Dende a Consellería do Mar consideramos que a existencia dun acordo bilateral con Portugal é positivo porque axuda a normalizar as relacións.

Non obstante, no marco deste acordo defendemos a igualdade entre frotaa que traballan nos mesmos caladoiros e que se dirixen aos mesmos mercados.

Coñecíamos e considerábase positiva a intención do Goberno central de revisar as autorizacións de barcos galegos que faenan en augas lusas co obxectivo de aproveitar ao máximo todas as posibilidades de pesca que presenta o acordo.

Neste sentido, entendemos que no texto finalmente acordado se produciron avances na liña do demandado por Galicia e polo seu sector pesqueiro, aínda que non coincide de forma total coas reclamacións feitas polo Consello Galego de Pesca e a Consellería do Mar.



A Xunta e a maioría do sector de arrastre de fondo galego defendemos un marco de igualdade entre as frotas galega e portuguesa, para evitar que esta última se beneficie da vantaxe de faenar na fin de semana.

En todo caso, a Consellería do Mar está a realizar un seguimento de cara a verificar o cumprimento dos termos do acordo e a aplicación estrita dos seus termos de cara a evitar vantaxes comparativas para as frotas portuguesas que faenan na nosa costa”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 12:00:17
Nº Rexistro: 44285
Data envío: 22/01/2019 12:00:17.123

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 12:00:06

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35268**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da inscrición das embarcacións adscritas ao Servizo de Gardacostas de Galicia no Rexistro Especial de Buques e Empresas Navieiras, con sede nas Illas Canarias”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O traspaso dos barcos (Sebastián De Ocampo e Irmáns García Nodal) ao 2º rexistro supón na actualidade un aforro anual de preto de 281.000 euros para as arcas públicas, é dicir, dos cartos de todos os galegos. De feito, entre o 2011 e o 2016 o aforro foi de preto de 1,7 millóns de euros.

Isto enmárcase no contrato de xestión do servizo prestado a través de medios marítimos, no que se inclúen todos os gastos derivados na propia xestión.

Os traballadores manteñen as súas condicións laborais e atópanse entre os máis beneficiados pola inclusión neste rexistro, xa que teñen vantaxes fiscais coma reducións na declaración do IRPF.

O 2º rexistro, que en España se atopa en Canarias, existe na maioría dos países da Unión Europea, como por exemplo, en Francia, Alemaña, Holanda, Dinamarca, Reino Unido etc, así como de fóra da UE, coma en Noruega.



É neste rexistro onde están dadas de alta as embarcacións de Sasemar (Sociedad de Salvamento y Seguridad Marítima), do Ministerio de Fomento, porque cumpren as características legais para poder estar inscritas nel”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 11:59:33
Nº Rexistro: 44283
Data envío: 22/01/2019 11:59:33.951

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 11:59:31

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 11:59:27
Nº Rexistro: 44282
Data envío: 22/01/2019 11:59:27.060
Data 22/01/2019 11:59

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **35269**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a dispoñibilidade pola Xunta de Galicia dalgunha estratexia para a recuperación das poboacións de berberecho nas rías galegas, as medidas económicas adoptadas ou previstas para paliar a perda de ingresos ocasionada aos mariscadores pola súa mortalidade e a confirmación da relación existente entre a presenza do parasito "Marteilia refrigens" e a mortalidade dese molusco na ría de Arousa, así como a situación do proceso de investigación levado a cabo ao respecto”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Dende que apareceu o parasito *Marteilia cochillia* no berberecho, en 2012, a Consellería do Mar traballa para minimizar o impacto deste parasito e mellorar a produción do bivalvo, a través de proxectos de investigación e axudas directas para paliar as perdas produtivas causadas pola diminución das poboacións de berberecho.

Cómpre lembrar que se aprobaron catro proxectos de investigación específicos con cargo ós fondos da Consellería do Mar e desenvolto no Centro de Investigacións Mariñas (CIMA):

- Acción CROQUEDOUS, sobre reprodución e cultivo larvario; así como no programa de mellora xenética do berberecho a través da obtención de variedades de rápido crecemento ou a obtención de estirpes resistentes a esta patoloxía.



- Acción EDULE - VILANOVA, na que se está facendo seguemento a unha poboación dun banco natural de Vilanova, que desenvolve o seu ciclo de crecemento ata alcanzar o tamaño comercial.

- Acción MARBEGA, entre os logros desta acción de investigación confirmouse un patrón de dinámica epidémica que se repite, con variacións, cada ano no banco obxecto de estudo, este patrón mostra que hacia finais do verán ou no outono aparece un novo brote epidémico na cohorte recién recrutada; aos poucos meses a prevalencia da marteiliose alcanza máximos (100% na maioría dos anos aunque non en todos) e provoca mortalidade masiva que chega a causar a desaparición da cohorte afectada ao longo do inverno (a veces alcanza a primavera); coa desaparición da cohorte, deixa de haber berberechos afectados.

- Proxecto COCKLES (FEDER - AA), que pretende desenvolver protocolos de produción de semente de berberecho en criadeiro e de engorda de berberecho, tanto en parque intermareal como en batea, e identificar marcadores moleculares de resistencia á marteiliose cos que desenvolver programas de selección xenética de estirpes de berberecho resistentes á marteiliosise. Con estas estirpes resistentes poderanse abordar programas de recuperación dos bancos marisqueiros asolados pola devandita enfermidade e mesmo cultivar berberecho en áreas onde o parasito estea presente.

A esperanza de todo este esforzo investigador por parte do CIMA é que se poidan obter uns resultados para favorecer a recuperación dos bancos de berberecho”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 11:59:27
Nº Rexistro: 44282
Data envío: 22/01/2019 11:59:27.060

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 11:59:24

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 11:59:11
Nº Rexistro: 44280
Data envío: 22/01/2019 11:59:11.904
Data 22/01/2019 11:59

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35281**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a existencia de subministración suficiente de semente de ameixa xapónica para atender a demanda que hai en Galicia, a opinión do Goberno galego en relación coa eficiencia da súa produción para a rexeneración dos bancos marisqueiros e o cultivo en parques, así como as medidas adoptadas ou previstas para diferenciar a producida en Galicia da procedente doutros lugares, as razóns da súa exclusión das ordes de axuda da Consellería do Mar e os prexuízos que ocasiona esta medida nas agrupacións de mariscadoras”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O incremento da produción de bivalvos implica tamén unha maior necesidade de semente, pero iso non significa que en Galicia non haxa capacidade de produción suficiente para abastecer estas necesidades.

Por outra banda, a Consellería do Mar ten claros os seus obxectivos de garantir, buscar a mellora e promocionar o produto galego, entre eles o marisco, e utiliza os mellores medios para iso. Baste como mostra a marca pescadeRías, de onde se non?.



En definitiva, estanse realizando por parte da Xunta de Galicia accións coherentes e congruentes dirixidas a potenciar o desenvolvemento do marisqueo, incluíndo o relativo á produción de semente, e promocionando e protexendo o nome e orixe do marisco galego ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 11:59:07





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35285**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a redacción que presenta o proxecto de decreto para a ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“ A Lei 10/2010, do 11 de novembro, de modificación da Lei 2/2004, do 21 de abril, pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galicia, establece que os membros do servizo teñen a condición de autoridade e non distingue se pertencen á escala ou non. De aí que todos os membros poidan usar os elementos distintivos, entre os que está o uniforme.

Esta cuestión foi ratificada pola Asesoría Xurídica Xeral no seu informe do Decreto de ordenación e funcionamento do servizo de Gardacostas e o texto foi negociado cos sindicatos, que o votaron favorablemente.

En canto ás competencias do persoal, hai que aclarar que os axentes exercen as súas funcións (que non autoridade) polo posto que desempeñan”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 11:59:01
Nº Rexistro: 44279
Data envío: 22/01/2019 11:59:01.748

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 11:58:58

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 36182**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Julia Torregrosa Sañudo e dona Paula Quinteiro Araújo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia referidas á realización dunha investigación do estado real da zona do peirao do Marqués tras os primeiros traballos de dragaxe levados a cabo na ría de Noia e o desenvolvemento dun plan de rexeneración integral da ría, así como a realización dalgún estudo do impacto ambiental da execución da nova fase de dragaxe anunciada”**, (publicada no BOPG número 359 do 20 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O porto de Noia atópase situado na zona máis interior da Ría de Muros e Noia, dispoñendo dunhas pequenas zonas de peiraos de atraque e escaso calado, uns espigóns de canle que facilitan a navegación y acceso, e amplos espazos de fachada marítima con apreciables vistas que conforman o protagonismo principal do entorno marítimo deste termo municipal.

Tense comprobado que dada a localización desta instalación, e como consecuencia dos aportes do río, o calado é claramente insuficiente para manter calquera actividade, todo isto como consecuencia dos apreciables aterramentos que son visibles sobre todo en mareas baixas.

Desde fai tempo, existe por parte dos usuarios e a maioría da poboación, unha cada vez máis demandada solicitude de mellorar o acceso do canle (entre diques de encauce), así



como a enseada, que permita ás embarcacións a súa navegabilidade en toda clase de mareas.

Ante esta situación, Portos de Galicia, coñecedor da situación actual, proxectou en coordinación co Concello de Noia a execución dunha obra de dragaxe do acceso ao porto, redactando, en marzo de 2015, o proxecto básico para o dragado da canle de acceso ao porto de Noia así como a remodelación do conxunto da zona portuaria.

Así, as obras que se proxectan consisten en dragar a canle de acceso e enseada da zona portuaria, con vertido do material areoso ao cantil do borde portuario para a xeración dunha praia en alta mar, e a remodelación con adiantamento do muro de ribeira dos últimos 130 metros do sur da zona de adscrición portuaria, para mellorar a circulación rodada e a implantación dunha zona peonil polo borde.

O prazo de execución previsto é de 14 meses e o orzamento estimado é de 4,3 millóns de euros.

Unha vez redactado o proxecto básico da obra de dragado, paralelamente Portos de Galicia iniciou a tramitación ambiental do mesmo, que está suxeita a múltiples requisitos e garantías ambientais xa que a zona portuaria de Noia está protexida polas catalogacións ambientais Red Natura, LIC e ZEPA.

A tramitación, por tanto, resulta de grande complexidade e larga. Nesta tramitación intervén de forma decisiva a Consellería de Medio Ambiente e o Ministerio de Medio Ambiente a través da Dirección General de Costas.

Para axilizar ao máximo estes trámites, Portos de Galicia mantivo diversos contactos coa Consellería de Medio Ambiente e con Costas do Estado, xa que a celeridade de ambos departamentos resulta decisiva para o proxecto.

Ante a previsible dilatación de prazos do proxecto de dragado e remodelación da contorna portuaria, Portos de Galicia e o Concello de Noia consensuaron a execución urxente dunha obra de menor envergadura e complexidade que ao non requirir trámite ambiental, por valor de 300.000 euros. Tratouse dun dragado parcial no entorno das ramplas do porto que permitiu a retirada de polo menos 7.500 metros cúbicos de lodos da zona.



Por último, está prevista unha actuación complementaria, que consiste na mellora do acceso peonil na contorna portuaria de Noia. Concretamente, consiste na implantación dun tramo de 125 m de borde peonil costeiro, no límite da zona portuaria, para dar continuidade ao tramo xestionado pola Dirección General de Sostenibilidade da Costa e o Mar. Esta obra inclúe unha estrutura voada de aceiro inoxidable con pavimento e pasamán de madeira de 2,5 m de anchura”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 44149
Data envío: 21/01/2019 09:19:10.684

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/01/2019 9:19:07

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2019 11:38:55
Nº Rexistro: 44182
Data envío: 21/01/2019 11:38:55.926
Data 21/01/2019 11:38

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 37424**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a dispoñibilidade por Portos de Galicia dalgún proxecto para o arranxo da Casa do Reloxo, situada no concello de Mugar dos, así como a valoración polo Goberno galego da posibilidade de colaboración coa Administración local para a súa rehabilitación e posterior uso polo Concello”**, (publicada no BOPG número 365 do 3 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego non ten elaborado ningún proxecto construtivo para a rehabilitación da Casa do Reloxo polo momento, pero sí ten estudado esta posibilidade en base á petición trasladada no seu día polos representantes municipais de Mugar dos.

Dito proxecto está supeditado á súa viabilidade técnico administrativa e prioridade económica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2019 11:38:55
Nº Rexistro: 44182
Data envío: 21/01/2019 11:38:55.926

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/01/2019 11:38:53

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2019 09:59:06
Nº Rexistro: 44161

Data envío: 21/01/2019 09:59:06.696

Data 21/01/2019 09:59

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 37725**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación cos datos reflectidos na Enquisa de poboación activa correspondente ao segundo trimestre de 2018, referidos á perda de persoas ocupadas no mar, o estancamento na recuperación de afiliados ao Réxime Especial do Mar da Seguridade Social desde 2015 e a perda de permisos de marisqueo de mulleres desde o ano 2009 ata a actualidade, así como as medidas previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 365 do 3 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Para comezar, sinalar que o número de afiliados ao Réxime Especial do Mar mantense estable, e mesmo á alza, desde xaneiro de 2015, volvendo a superar a cifra dos 21.000 afiliados, e tendo hoxe 1.000 afiliados máis que hai dous anos.

De cara a seguir potenciando o relevo xeracional e incrementando o emprego no mar, a Xunta pon a disposición do sector subvencións para modernizar a frota e para novos propietarios de buques pesqueiros, así como unha firme aposta pola formación.

No relativo ás melloras a bordo, na convocatoria do ano 2016 destináronse 900.000 euros con 66 solicitudes presentadas e atendidas, e na convocatoria de 2017, destináronse 272.000 euros, presentándose 52 peticións. Incidir en que en ambas anualidades foron atendidas absolutamente todas as peticións presentadas, que cumprían os requisitos. Para



este ano, esta consellería dedicou preto de 1 millóns de euros, logo dunha ampliación de crédito.

Por outra banda, apostamos decididamente pola formación, sendo unha área blindada, e por iso ampliamos a oferta formativa. Un aumento que se ve reflectido nos datos de matrículas efectuadas nos centros de ensino náutico-pesqueiro dependentes da Consellería, nos que o número de alumnos matriculados aumentou en máis dun 40% desde o ano 2009.

A maiores, a Consellería do Mar ampliou nun 3,9% os fondos destinados nos orzamentos de 2018 con respecto a 2017, para mellorar a competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura, concretamente focalizada en axudas á transformación, acuicultura e melloras a bordo:

- Melloras a bordo: entre 2016 e 2017 atendéronse 118 proxectos e non quedou nin un fóra (dos que cumprían as condicións)
- Para este ano, esta consellería dedicou preto de 1 millóns de euros (sendo inicialmente de 571.000 euros e ampliándose en máis de 467.000 euros no mes de agosto)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2019 09:59:06
Nº Rexistro: 44161
Data envío: 21/01/2019 09:59:06.696

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/01/2019 9:59:03

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 37848**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto da posibilidade de levar a cabo, aos efectos do establecemento dos peches precautorios, dunha análise a maiores da existencia de toxina no longueirón, a incidencia que tería na situación económica dos mariscadores de Fisterra e as medidas que vai desenvolver en relación coas protestas daqueles que está a padecer os inconvenientes derivados dese sistema de peches”**, (publicada no BOPG número 368 do 10 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Intecmar realiza os controis nas zonas de produción atendendo ao que establece a lexislación europea. En base a eses controis realízase unha análise pormenorizada para todas as zonas da costa de Galicia das concentracións de células de especies de fitoplancto produtoras de biotoxinas lipofílicas e tamén de biotoxinas paralizantes. De darse unha presenza importante, o Intecmar procede a incrementar a frecuencia nas mostras e a realizar peches para evitar que chegue ao consumidor produto que poida xerar problemas de saúde pública.

Neste senso, os procesos de control atinxen, por normativa, a todos os moluscos bivalvos da nosa costa, e así os está a realizar o Intecmar.

No caso de ter que decretarse un peche, o sector afectado pode optar por devolución ao mar do marisco extraído ou ben por realizar un autocontrol, é dicir, unha análise que garanta a inocuidade do molusco en calquera dos laboratorios incluídos no Rexistro galego



de laboratorios autorizados para a realización de ensaios de control de produtos alimenticios relacionados co consumo humano.

Os informes técnicos sobre identificación e cuantificación de fitoplancto tóxico en auga de mar son accesibles na páxina web de Intecmar desde o mesmo momento en que son xerados. Ademais o informe de situación das zonas de produción está permanentemente actualizado na páxina web de Intecmar.

O Intecmar informa aos mariscadores tan pronto como ten os resultados das mostraxes, sendo este un indicativo de que a administración está atenta e que actúa ante a primeira situación de risco para o consumidor.

En todo caso, cabe sinalar que o actual modelo de control e seguimento e a determinación do método de control (o chamado 'químico', mediante a aplicación da cromatografía de líquidos con detector de espectrometría de masas -LC-MS/MS-), máis lento e custoso, foi proposto en 2006 e non atopou oposición ata o cambio de Goberno autonómico en 2009, sendo finalmente aprobado pola UE en 2011”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2019 09:58:58
Nº Rexistro: 44160
Data envío: 21/01/2019 09:58:58.540

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/01/2019 9:58:43

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 39729**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Julia Torregrosa Sañudo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no sector pesqueiro, as medidas que vai adoptar para impulsar a participación das mulleres nas eleccións e as súas previsións respecto do establecemento de cotas nas eleccións das Federacións, segundo a demanda da Asociación de Mulleres do Mar de Arousa”**, (publicada no BOPG número 383 do 14 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar quere destacar unha vez máis o papel da muller no eido marítimo-pesqueiro, xa que a figura da muller do mar está consolidada e que ten unha voz máis forte que nunca nos órganos representativos decisorios e consultivos do sector.

En concreto, tralas eleccións unificadas celebradas no pasado mes de setembro de 2018, a presenza da muller nos cabidos e xuntas xerais das confrarías de pescadores incrementouse nun 56%, pasando de 200 mulleres no 2014 a 350 no 2018.

Por outra banda, debemos lembrar que a figura feminina representa o 5% do sector da pesca extractiva, con preto de 500 mulleres, e o 25% do sector acuicultor, con aproximadamente 1.500 mulleres.

A isto hai que engadir que o sector feminino representa tres de cada catro profesionais do marisqueo a pé, das redes e das fábricas transformadoras e conserveiras.

A Xunta de Galicia leva máis de 25 anos traballando pola profesionalización do sector e o recoñecemento dos dereitos da muller mariñeira.



Neste punto temos que poñer en valor proxectos como o de cooperación 'Candieira', dentro dos grupos de acción local do sector pesqueiro. Este proxecto consiste nunha rede de apoio e promoción á muller do mar que permitiu transmitir á sociedade a súa situación actual laboral e dar a coñecer a súa realidade social, abordando as problemáticas e definindo os principais retos e prioridades.

En canto ao número de permisos de explotación no marisqueo, o número medio anual de novos permex no goberno actual é case o dobre dos outorgados anualmente polo bipartito. Ademais, a media de ingresos medrou nun 40% desde 2009.

Por último, temos que salientar a recente celebración do I Congreso Internacional de Mulleres da Pesca en Galicia, no que o Goberno central, a Xunta e a Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO) reivindicamos a posta en valor do papel da muller no sector, facendo de Galicia o porto base para a creación desta gran rede mundial de mulleres do mar.

Para maior información, pode consultarse a resposta da Conselleira do Mar na sesión plenaria do 21 de novembro, a través da iniciativa 36641, na seguinte ligazón:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-11-21?
part=fda71b85-efc3-4639-bda6-4bc843e143be&start=4033](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-11-21?part=fda71b85-efc3-4639-bda6-4bc843e143be&start=4033)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 44140
Data envío: 21/01/2019 09:17:14.325

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/01/2019 9:17:11

CSV: BOPGDSPG-Y65plF0ar-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 11:55:30
Nº Rexistro: 44257
Data envío: 22/01/2019 11:55:30.341
Data 22/01/2019 11:55

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 39774, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns das carencias e deficiencias que presenta o posto de control dos mariscadores da Ponte da Pasaxe, no concello de Oleiros e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para resolver a situación dos mariscadores da ría do Burgo afectados polo sistema específico de protección por cese de actividade dos traballadores autónomos establecido na Lei 32/2010”**, (publicada no BOPG número 383 do 14 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“No tinxinte ao posto de control e pesado do marisco que está situado á beira da Ponte da Pasaxe, sinalar que a situación deste punto determínoa a propia Confraría de Pescadores da Coruña, e aparece recollido nos seus plans de explotacións, que posteriormente son aprobados pola Consellería do Mar.

Non se trata, por tanto, dunha obriga por parte da Administración, senón que é o propio sector quen decide ou non a idoneidade deste punto. A maiores, sinalar que este punto está autorizado pola Consellería de Sanidade.

Sen embargo, existe un informe negativo do Servizo de Inspección Veterinaria de Gardacostas no que se indica que o referido local non reúne as condicións mínimas para efectuar a primeira venda, segundo o legalmente establecido.



